

## Foz e Barreiros suman actuacións contra o proxecto para a praia de Altar

O proxecto previsto para a praia de Altar continúa gañando alegacións e protestas. Os alcaldes das dúas localidades máis afectadas, Foz e Barreiros, presentan tamén as súas alegacións ao proxecto e estudan diferentes medidas para que o plan de facer un espigón na praia no siga adiante. Xa se reuniron os dous alcaldes coa subdelegada do Goberno, que acolleu con atención esta acción e que se comprometeu a estudar o caso. Así mesmo, máis de 4.000 persoas a título individual presentaron a súa queixa, ademais de colectivos de sufridas en favor do medio ambiente. **Pax. 5**

## Un novo prazo para Alcoa

Os traballadores acordan volver á folga nos próximos días se non hai acordo para a venda á SEPI nunha moratoria solicitada pola ministra



Rematou o día 30 o prazo estipulado para a venda de Aluminio á SEPI sen que se chegase a ningún acordo tras varias reunións e o estancamento dunhas negociacións que foron enrarecéndose a medida que pasaba o tempo. Os traballadores anunciaron que volverían á folga nada máis rematar o prazo establecido pero a ministra solicitou un novo aprazamento ao estar pendente doutras empresas interesadas na venda. A asemblea dos traballadores acordou dar unha semana máis de prazo para que a venda chegue a bo porto antes de iniciar as mobilizacións. **Pax. 2**

**foz.** Rematan as obras de mellora dos accesos á localidade. **Pax. 7**

**viveiro.** A parroquia de Magazos conta xa con pistas renovadas. **Pax. 8**

**burela.** Malia non ter festas, haberá un concerto e pregón. **Pax. 10**

**o valadouro.** O plan de tráfico de Ferreira suscita polémica. **Pax. 18**

**barreiros.** Aprobado un orzamento de 4,1 millóns de euros. **Pax. 20**

**trabada.** Xa está en exposición pública o Plan Básico Municipal. **Pax. 21**


**deportes.** Vanessa Arias representa a Galicia no campionato nacional. **Pax. 26**

## Protestas no rural de Ribadeo



Veciños e empresarios piden asfaltados e servizos. **Pax. 12**

## Burela non terá Feira de Expomar



Haberá só xornadas técnicas e un encontro. **Pax. 30**

## A comarca celebra as Letras Galegas



Este ano serán na honra da sarriá Xela Arias. **Pax. 14/15**

## Abre o prazo para pedir os bonos Impulso da Deputación

Xa está aberto o prazo para adherirse aos Bonos Impulso dentro do Plan de Impulso da Economía da Provincia, coa que a institución provincial inxectará máis de 1,5M€ no comercio e na hostalería da

provincia. Poden adherirse todos os pequenos comercios, locais de hostalaría e hospedaxe, sempre que desenvolvan a súa actividade en calquera dos 67 concellos da provincia. **Pax. 25**

Esta primavera levas a fibra gratis ao contratar calquera liña móbil!

Fibra 1.000 Mb

Móbil 23 GB

Chama xa gratis ao 900 651 679  
www.adamo.es




adamo  
Fibra · Móbil · Fijo



# A MARIÑA

## A comarca supera a cuarta ola da covid con pouca incidencia



Cando os expertos aseguran que se superou a cuarta ola da covid, A Mariña pode presumir de tela pasado case sen incidencia.

Son poucos os concellos que entraron en alerta neste tempo. Principalmente centráronse estas en Barreiros e Trabada, pero os dous superaron o momento sen subir dos dez positivos, aínda que a súa incidencia (a relación de casos por cada 100.000 habitantes) elevouse pronto por seren concellos pouco poboados.

Así, a comarca encara o mes de maio coa satisfacción de seguir mellorando día a día nos seus datos, malia saber que en calquera momento a situación pode cambiar. Cada vez son máis os concellos que están limpos de covid e incluso nalgunha xornada o hospital de Burela quedou libre de ingresos.

Actualmente, na provincia hai tres concellos en alerta, A Pastoriza (en alta) e Chantada e Meira (que xa están en media). Nas dúas máis pequenas non se superaron os dez casos mentres que en Chantada produxose un gromo na residencia de maiores que desestabilizou as cifras, ata superar os 20 casos.

Mentres, coa vista posta no fin do estado de alerta o próximo 9 de maio, as comunidades autónomas ultiman as medidas que se tomarán para protexerse unha vez que se elimine o toque de queda.

Mentres tanto insístese nas medidas individuais de uso de máscara e distancia de seguridade. Así mesmo, Feijoo avanzou que polo momento non se ampliarán os horarios da hostalaría, polo menos ata que se saiba o que vai pasar co fin do estado de alerta.

## Alcoa continúa en stand by

Os traballadores da multinacional aprazan a folga unha semana a petición da ministra para dar unha nova oportunidade de venda á SEPI

Os traballadores de Alcoa en San Cibrao volveron reunirse co obxectivo de decidir que medidas tomar trala finalización do prazo previsto para pechar a venda da fábrica.

O comité xa anunciara que no caso de que non houboese acordo retomaríanse as mobilizacións. Así, decidiron prorrogar durante unha semana máis o acordo para manter a paz social mentres se negocia a posible venda da planta de aluminio primario entre a multinacional e a SEPI.

O comité de empresa informou dun compromiso acadado coa ministra de Industria, Reyes Maroto, para axilizar o proceso de venda aínda que nun principio expúxose a posibilidade de reiniciar a folga este xoves.

Esta prórroga permitirá tamén que a Avogacía do Estado dispoña dos días que solicitou o secretario de Industria, Raúl Blanco, para definir o papel da Sepi na operación de triangulación —Alcoa, Sepi e comprador final— para a venda da planta e “responder así á proposta” da propia multinacional, sobre a base do acordo alcanzado o 27 de setembro.

O comité precisa que durante este período a folga permanecerá suspendida e manterase a paz social pero que unha vez finalizado o prazo, o vindeiro mércores, se non houboese avances, a folga quedaría reactivada de novo, conclúe o comité nun comunicado.

A ministra de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto, parti-



Asemblea dos traballadores de Alcoa na que se acordou o aprazamento

cipou nunha reunión telemática de seguimento sobre o futuro da planta de Alcoa en San Cibrao na xornada de onte, onde pediu aos sindicatos unidade de acción para alcanzar un acordo satisfactorio que garanta as capacidades produtivas da planta de Lugo.

Tamén trasladou o interese de varias empresas na planta, incluso algúns investidores españois, “o que demostra que a fábrica é viable”, di a ministra.

Incidíu en pedir aos sindicatos confianza no Goberno español e detallou as actuacións levadas a cabo polo Ministerio para acompañar aos traballadores na procura dunha solución, como a comparecencia do Ministerio de Industria no proceso do ERE pre-

sentado por Alcoa.

A ministra lembrou que é importante “estar unidos, tanto as Administracións como os sindicatos, fronte á multinacional do aluminio”.

Maroto comprometeuse a falar coa central de Alcoa para coñecer se manteñen o seu compromiso de vender, iso si, sen as esixencias inalcanzables que esixiu. E pedirá-lles que analicen a viabilidade dos diferentes proxectos presentados, vendan e deixen de causar dano na Mariña.

O Goberno, como o fixo desde o principio, pon todos os instrumentos á súa disposición, incluída a SEPI para facer posible esta venda e traballará coa Xunta de Galicia para acompañar os proxectos de futuro para a planta da Mariña.

**NUEVO MOBILIARIO Y DECORACIÓN PARA TU CASA Y JARDÍN**







**RIBADEO**  
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 - Tel.: 636 761 883

**BARREIROS**  
Pol. Industrial Cruz do Lobo, Nave 10  
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377

**BURELA**  
C/ Curros Enríquez, 12  
Tel.: 660 402 954

 Almayo







# O GDR-1 Terras de Miranda abre a convocatoria de axudas Leader

O luns 3 de maio de 2021 publicouse no DOGA a convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2021 e 2022, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. O orzamento do GDR-1 Terras de Miranda para esta convocatoria é de 460.873,55€.

O GDR-1 Terras de Miranda realizou modificacións na súa estratexia de desenvolvemento local para incluír proxectos orientados ao aproveitamento agrícola, gandeiro e forestal da terra, como son os polígonos agroforestais,

as agrupacións e as actuacións de xestión conxunta e os proxectos de ordenación produtiva das aldeas modelo, proxectos destinados a mellorar a calidade de vida da poboación rural, como son os plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo e tamén para dar apoio a través dos programas Leader a plans ou actuacións integrais de desenvolvemento rural enmarcados en plans estratéxicos supramunicipais.

As liñas subvencionables son as seguintes: investimentos no sector da produción agraria primaria, investimentos de transformación e comercialización de produtos agrarios, investimentos de transformación e comercialización de

produtos forestais, investimentos de diversificación das explotacións agrarias cara a actividades non agrarias e investimentos que supoñan a creación, ampliación e modernización de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias.

Pódense presentar proxectos produtivos e non produtivos. A convocatoria está aberta ata o 3 de xuño de 2021. Os proxectos débense presentar na páxina [www.sede.xunta.gal](http://www.sede.xunta.gal) no procedemento MR701D. Os teléfonos para solicitar información son: 982507111/ 648921310. O GDR-1 Terras de Miranda está ubicado no Pazo de San Tomé na C/ Julia Pardo Montenegro, 13, 1º en Mondoñedo.

# Piden a mellora da liña de ferrocarril Ferrol-Xixón

A Comisión de Ordenación Territorial do Parlamento aprobou unha proposta do PSdeG para pedirle ao goberno de España que continúe coa mellora nas condicións da liña de ferrocarril Ancho Métrico Ferrol – Xixón. A portavoz de Infraestruturas do Grupo Socialista, Patricia Otero, criticou o “abandono” da liña por parte do goberno de Rajoy, que estrangulou a infraestrutura ata deixala “na UCI” en 2018.

Otero sinalou que “tivo que chegar o goberno dun presidente socialista con compromisos, orzamentos, feitos e realidades para sacar ao tren da UCI, de planta e mesmo do Hospital”. Apuntou ao traballo inxente que require esta infraes-

trutura logo dun goberno do PP que “deixou moribundo” a unha liña ferroviaria que conecta 47 localidades de Ferrolterra, Ortegal, A Mariña e Asturias ao longo de 320 quilómetros, que non teñen outra alternativa de transporte público. A responsable socialista aludiu ás denuncias dos veciños e dos alcaldes da perda de servizos e calidade neste ferrocarril, con ata 800 supresións de servizos en 2016, sen que o goberno galego amosara o máis mínimo interese por trasladar as necesidades das comarcas. Lembrou que o desinterese foi tal que obrigaron aos alcaldes e veciños a agardar máis dun ano, ata que foron recibidos en San Caetano.

# A Mancomunidade arrinca co Plan de Sustentabilidade Turística

A Mancomunidade, co apoio da Fundación Juana de Vega, comezou a traballar no Plan de Sustentabilidade Turística en Destino para A Mariña Lucense para presentalo á nova convocatoria de axudas, logo de que o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, manifestara en Xove o seu compromiso de solicitar á Secretaría de Estado de Turismo o plan para A Mariña neste 2021.

Representantes da Mancomunidade e dos Concellos, xunto coa Fundación Juana de Vega, mantiveron unha reunión de traballo para revisar a nova convocatoria ordinaria para o ano 2021 da Secretaría de Estado de Turismo. Tamén se mantivo



Fran Cajoto

unha xuntanza co tecido asociativo da comarca, onde foi presentado e analizado dito plan xunto ao sector privado turístico.

O presidente da Mancomunidade, Fran Cajoto, explicou que “desde a Mancomunidade de Concellos da Mariña este ano de novo imos op-

tar ao Plan de Desenvolvemento de Turismo Sostible, que sería moi importante para a comarca porque son uns recursos cuantiosos, estamos a falar de que ata 4 millóns de euros se poden solicitar este ano. Sería un plan a tres anos que a verdade é que nos posicionaría no eido turístico nun moi bo lugar”.

Os Plans de Sustentabilidade Turística son solicitados polas entidades locais. Neste caso será de novo a Mancomunidade quen fará a solicitude, que abarca todo o xeodestino, alentada e co apoio da Xunta de Galicia. Este Plan podería chegar a contar cun orzamento de 3 millóns de euros para un período de 3 anos.

# A Mariña acollerá o festival Bal y Gay 2021

A Mariña lucense acollerá o festival Bal y Gay 2021 que comezará o 14 de maio e correrá a cargo da pianista Judith Jáuregui, na Basílica de San Martiño (Foz). Na xornada do día 14 actuarán Cuarteto Cosmos e o violonchelista Fernando Arias na igrexa de Santa María, en Vilanova de Lourenzá. O último concerto será o día 16 na Catedral de Mondoñedo co tenor Christoph Prégardien e o pianista Daniel Heide.

A edición de verán celebrarase entre os días 18 e 26 de agosto, que inclúe as actuacións de Cuarteto Seikilos (18 no Pazo do Conde de Fontao de Foz), Cantoría (19 na igrexa de Santiago de Foz), o pianista Javier Perianes (20 no auditorio Hernán Naval de Ribadeo) e a Orquestra de Cámara



ra do Festival Bal y Gay coa cantora María Toledo (21 no auditorio de Mondoñedo).

A segunda entrega continuará o martes 24 co guitarrista Pablo Sáinz-Villegas, que actuará na Fábrica de Sargadelos de Cervo. O mércores 25, actuará Cuarteto Casals na Basílica de San Martiño de Foz. Para pechar a edición deste ano, a Orquestra Sinfónica de Galicia, acompañados por Dima Slobodeniouk, actuará o xoves 26 na Catedral de Mondoñedo.

XXVIII XORNADAS TÉCNICAS EXPOMAR  
**2021: ODISEA EN LA PESCA**  
 BURELA (LUGO), 20 MAYO 2021  
 FUNDACIÓN EXPOMAR

**EXPOMAR CELEBRARÁ SUS XORNADAS TÉCNICAS DE FORMA TELEMÁTICA EL 20 DE MAYO**

**APERTURA:**  
 Alfredo Llano  
 Presidente Fundación Expomar  
 Alcalde Concello de Burela

**PARTICIPAN:**  
 Emilia Gargallo  
 Dirección General Asuntos Marítimos y de Pesca  
 Comisión Europea

**CLAUSURA:**  
 Rosa Quintana  
 Condeira do Mar  
 Xunta de Galicia

**XXVIII XORNADAS TÉCNICAS**  
 20 DE MAYO  
 10:00h - 13:30h

**Alicia Villauriz**  
 Secretaria General Pesca Marítima  
 Ministerio Agricultura, Pesca y Alimentación

**Javier Garat**  
 Secretario General Cepesca  
 Presidente Europêche

**MODERA:**  
 Javier Fraga  
 Director de Abanca Mar

**XXII ENCONTRO EMPRESARIAL DE ORGANIZACIONES PESQUERAS**  
 21 DE MAYO

Colaboran:

Financian:



# “Coa pandemia crece a demanda de mobles de maior calidade”

Yolanda García e Alejandro Maseda son propietarios de Muebles Almayo

Yolanda García Pereira e Alejandro Maseda Meitín son os propietarios da cadea de mobles da Mariña Muebles Almayo. Na actualidade contan con tres tendas comerciais distribuídas ao longo da comarca, concretamente nos concellos de Barreiros, Ribadeo e Burela.

Falamos con Yolanda para que nos conte como foi a evolución da súa empresa e do sector ao longo de estes anos, como lles afectou a pandemia e cales son os seus plans de futuro para seguir prestando un servizo de calidade como o ofertado hasta a actualidade.

**Yolanda, cales son as orixes da creación da marca Muebles Almayo?**

Comezamos en xullo de 2007, e dicir, fai case 14 anos. Eu xa traballara no sector, Alex proviña de outro pero vimos que había un mercado con unhas demandas que podíamos cubrir e decidimos emprender este negocio.

**Cal foi a primeira tenda en abrir e como e cando nacen as seguintes?**

Burela foi o primeiro punto de venda, non onde estamos agora senón nouro emprazamento. Logo sobre uns 4

anos máis tarde decidimos ampliar e abrimos un novo establecemento de importantes dimensións en Barreiros. Sufrimos a crise da construción e financeira e tivemos que pechar Burela, pero sempre tiñamos na cabeza a idea de volver aos nosos orixes. Isto foi posible en outubro do 2020, e uns poucos meses antes, en agosto abrimos tamén en Ribadeo. A idea de ter varias tendas parte da base de que queremos estar cerca do noso cliente, queremos que sexa unha experiencia plácida o feito de asesorarse e mercar nos nosos establecementos. Intentamos evitarlles desprazamentos e que todo lles resulte agradable, xa que non so dispoñemos de mobles senón de todo o necesario para decorar o fogar e incluso facemos os deseños 3D en función de cada necesidade. Agora mesmo para prestar o servizo de calidade que ofrecemos estamos traballando 8 persoas.

**Que podemos encontrar nas tendas de Muebles Almayo entón?**

Pois como levamos no nome implícito o primeiro unha ampla gama de mobles para tódalas estancias

dunha casa, estes poden ser feitos a medida adaptándonos ao gusto e espazos de cada familia. Pero non solo temos mobiliario, temos todo o relacionado co descanso sofás, camas a propia roupa de cama, todos os téxtiles para o fogar e non menos importante e o noso abano de artigos de decoración e incluso de papel pintado. Sempre recomendamos preguntar sen medo, porque temos capacidade para realizar os servizos todos que precisan para a súa casa. Dispoñemos así mesmo dunha liña de moble de cociña e tamén de mobiliario e decoración de xardíns e exterior. Tamén para as empresas temos unha gran variedade en mobiliario de oficina.

**E encargádesvos de tódolos servizos, venda, transporte, montaxe?**

Por suposto, é unha necesidade que a xente valora especialmente. Non consiste só en vender mobiliario, para nós é fundamental asesorar ao cliente mostrándolle tódalas posibilidades para as súas necesidades. Unha vez escollida a compra o cliente debe despreocuparse, aí é cando nós temos que poñer a máxima cali-



dade no servizo, levamos os mobles a casa, montámolos e non so iso, tamén facemos un seguimento posterior a venda, porque un produto pode ter unha tara ou pode aparecer a necesidade futura de recambios, etc... Intentamos estar o lado do cliente a axudalo.

**Traballades produtos a medida do cliente ou produtos modulares?**

Como che dixen podemos facer todo a medida e seguindo os gustos do cliente e podemos mostrarlle como quedaría nun futuro na habitación que ocupará, así como mostrarlle como queda o papel pintado combinado cunha paleta de cores por exemplo.

**Como afectou o sector a Covid-19? Detectades algún cambio nos gustos e nas necesidades dos clientes?**

Vemos que a xente presta máis atención o confort do seu fogar e do seu entorno. Cada vez esixen máis calidade por riba do prezo. Aumentou

moitísimo a esixencia así como a demanda de mobiliario de descanso como poden ser sofás e camas, tamén as mesas de comedor. Pasamos máis horas na casa e desfrutamos máis das comidas entorno a mesa, tamén no exterior observamos como se está dotando de mobiliario zonas que antes apenas tiñan uso. Temos unha importante exposición de mobiliario e decoración de xardín para desfrutalo ao máximo.

**Cara onde queredes levar Muebles Almayo no futuro?**

Pois para nós é fundamental seguir a liña que temos marcada. Estar o máis próximos posible dos nosos clientes, fomentar o comercio local e asesorar cos mellores medios técnicos e humanos as persoas. O noso futuro pasa por seguir ofrecendo ós clientes unha agradable e cómoda experiencia de compra para que desfruten dos nosos produtos e servizos durante moito tempo.

# A Xunta licita o proxecto de ampliación do hospital da Mariña

A Xunta de Galicia publicou a licitación do contrato de redacción do proxecto básico e de execución para continuar coa ampliación e reforma do Hospital da Mariña; tamén se inclúe a dirección facultativa destas novas actuacións que corresponden ás fases II e III do Plan director, nas que a Consellería de Sanidade prevé investir 15 millóns de euros.

Destínanse 375.856,80 € á redacción do proxecto e dirección facultativa das obras, que incluírá o deseño dun novo edificio e a modernización e reorganización de espazos. As em-

presas interesadas teñen de prazo ata o día 14 de maio para presentar as súas ofertas. Nesta nova ampliación vaise actuar sobre 9.000 metros cadrados cun custo estimado de 15 millóns de euros.

Contempla a construción dun edificio anexo de 2 plantas con superficie suficiente para albergar o Servizo de Mantemento e a Unidade de Prevención de Riscos Laborais en planta baixa, e salón de actos e dependencias de docencia na planta alta. Reformarase o edificio actual onde se actuará sobre as áreas de anatomía

patolóxica, Laboratorio (laboratorio core que integra 3 áreas de traballo: análises clínicas, hematoloxía e microbioloxía), hospital de día, área policlínica e consultas externas, saúde mental, rehabilitación, cafetería e cociña de persoal e sala de médicos de garda. Tamén se renovará a admisión central, a cafetería de público, os gabinetes e consultas polivalentes, radiodiagnose, urxencias, hospitalización a domicilio e coidados paliativos, e medicina preventiva. Reformarase a área de pediatría e área de críticos e os despachos.



**GALLETAS SOLIDARIAS.** A Asociación do Enfermo Mental da mariña vén de elaborar artesanalmente galletas ao abeiro do proxecto de integración na comunidade Mental Health Chefs. A asociación ampliou os seus puntos de colaboración e venda das galletas, que poden atoparse por toda A Mariña.

ESTABLECIMIENTOS  
**REY**  
www.establecimientosrey.com

Avenida Diputación, 88  
27870 Xove | Lugo  
Tel. 982 592 006  
rey@establecimientosrey.com

TU TIENDA DE SIEMPRE

ahora también es  
**online**

www.establecimientosrey.es





## Foz e Barreiros estudan medidas contra o proxecto da praia de Altar

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, reuniuse cos alcaldes de Barreiros, Ana Hermida, e Foz, Francisco Cajoto, para tratar sobre o proxecto de estabilización da praia de Altar. Na xuntanza, celebrada na Subdelegación do Goberno, tamén participaron o xefe do servizo provincial de Costas, José Miguel Estevan, e os tenentes de alcalde de Barreiros María do Carmen Veiga e de Foz Francisco Xavier Fanego.

Isabel Rodríguez destacou que a xuntanza, convocada a petición dos dous alcaldes para expoñer o seu punto de vista respecto do proxecto, foi moi cordial e construtiva e agradeceu a boa disposición dos mandatarios municipais. A subdelegada adiantou que o Goberno analizará con toda atención e sensibilidade os argumentos que expoñan os dous concellos,

pois as dúas administracións municipais son quen mellor representa o sentir da cidadanía de Barreiros e Foz.

A subdelegada tamén lembrou que o proxecto está sometido a exposición pública ata finais desta semana para que tanto as administracións municipais como calquera colectivo ou cidadán interesado poida dar a súa opinión e formular propostas coas que tratar de resolver o problema de estabilidade na praia de Altar.

A alcaldesa de Barreiros indicou que a reunión foi moi fluída e houbo moita comprensión por parte do Goberno.

Os dous alcaldes elaboraron as súas alegacións sobre o plan do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

O proxecto, cun custo de 3,5 millóns de euros, pretende realizar

unha dragaxe na zona interior da ría do Masma e depositar a area na praia de Altar. Para garantir a retención desta area, contéplase a construción dun espigón de 190 m de lonxitude e 7 m de altura de formigón armado cunhas enormes bancadas de granito que unan a praia coa illa que lle dá nome, que foi o que levantou as queixas de veciños e usuarios.

O proxecto contempla tamén a construción dunha escaleira de 2,10 metros de ancho que dará acceso ao areal desde o paseo marítimo. Apoiarase sobre unha soleira de formigón armado e a caixa escavarase sobre o terreo natural. Os banzos realizaranse in situ en formigón e recubriranse con granito natural.

A area verterase na praia e perfilárase con maquinaria ata alcanzar o perfil que se prevé no proxecto.



Vista de Barreiros e Foz

Nos traballos para levar a cabo a dragaxe utilizarase unha draga multipropósito para augas pouco profundas que irá equipada cunha bomba e tubaxe de succión de dragaxe que conducirá directamente a area desde a ría ata a praia.

Máis de 4.000 persoas mostraron o seu rexeite ao proxecto de estabilización a través da recollida de firmas. Así mesmo, pronunciáronse en contra diferentes colectivos, como ecoloxistas ou surfistas, que

alegan que as obras provocarían o cambio da dinámica das correntes e que iso podería afectar ás embarcacións de recreo así como á desaparición dalgunhas rompentes de ondas.

A principal queixa das alegacións presentadas é que os estudos para o proxecto están desactualizados

Preocupan tamén as consecuencias que poda ter nunha ría que xa sufriu moitas alteracións.

## O vermú de Discosta xa está á venda

O vermú Arnao, elaborado en Ribadeo por Discosta Norte SL, vén de poñerse á venda en hipermercados de toda España.

O xerente de Discosta Norte, José Antonio Veiga, explica que empezaron a elaborar o vermú Arnao no ano 2019 "para distribuílo a nivel comarcal, para os nosos clientes de hostalería. Queríamos ter un produto propio que supuxera un impulso para a imaxe da empresa, dentro dos cambios que estamos a facer. En principio só se vendían nos bares da zona, non estaba nin nas tendas da comarca. Pero como foi gustando moito e tendo boa aceptación ampliamos a distribución a tendas, que empezaron a pedírnolo para vendelo a particulares. E a partir de aí tivemos que traballar moito a nivel comercial porque a competencia é moi grande e potente: hai moitos vermús no mercado hoxe, aínda que con carácter galego como o noso non



José Antonio Veiga, de Discosta

tantos. Despois tivemos a teimosía de querer levalo a grandes superficies, polo volume de vendas que nos pode supoñer. E tivo boa aceptación, de feito temos convenio con varias cadeas de grandes superficies a nivel nacional e estamos traballando para telo en máis áreas comerciais pronto".

José Antonio Veiga destaca que "isto supón un salto importante para a imaxe do produto, que queremos

seguir potenciando e para iso hai que estar innovando continuamente. Nesa liña xa cambiamos o tapón da botella e escollemos un deseño feito por unha empresa italiana, creamos un pack de dúas botellas para que a xente combine cunha botella de vermello e outra de branco ou dúas de cada, que é o que gusta nas tendas e o que nos reclaman as grandes áreas. Ademais imos facer unha liña de vasos e copas e tamén temos planificado crear un vermú reserva, que deberá estar polo menos seis meses nunhas barricas de madeira especiais".

O vermú Arnao diferénciase doutros en que "está feito en Galicia, concretamente en Ribadeo, usando como base viño da variedade de uva godello", explica Veiga.

O xerente de Discosta Norte tamén lle dá importancia ao deseño da botella: "gustou moito. Creamos unha imaxe acertada, para o que contamos co estudo de deseño Enpedra.

## Acordo para pedir á Xunta o recoñecemento do Camiño do Mar

O Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade, logo dunha transacción entre o Grupo Popular e o PSdeG, unha proposición non de lei a través da que se insta á Xunta a recoñecer o carácter oficial da ruta xacobeá coñecida como Camiño do Mar, que discorre polas vilas lucenses de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro e O Vicedo, e prosigue pola provincia da Coruña, vía Mañón, Cariño, Ortigueira, Cedeira, Valdoviño, Narón ata Neda, e o inclúa en todas as accións de promoción e divulgación turística ligadas ao Xacobeo 2021-2022.

Esta petición lévana solicitando dende fai anos, todos os concellos

da Mariña polos que transcorre este trazado, especialmente dende Viveiro. Os socialistas, impulsores da iniciativa consideran que "agora é máis urxente que nunca, por mor do espacial impacto da Covid-19 na Mariña, xa que precisamos unha recuperación económica de todos os sectores produtivos, especialmente do turismo", resumiu.

O deputado popular José Manuel Balseiro explicou que este recoñecemento "non se pode facer directamente a golpe de proposición non de lei, senón que previamente son necesarios estudos, informes e documentos que demostren que efectivamente hai razóns para oficializar esta nova ruta xacobeá".

**MENÚ DIARIO**  
**MENÚS ESPECIALES**  
**PESCADOS**

Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS



## NOVAS

foz

## EN BREVE

**UNED.** A Aula Universitaria da UNED en Foz organiza tres cursos, unha conferencia e un recital poético na segunda quincena deste mes e en maio. O último acto será o recital poético e narración oral en lingua galega co gallo do Día das Letras Galegas: o 14 de maio de 19 a 21 horas. (Presencial e online). Os interesados en obter máis información poden poñerse en contacto coa Aula Universitaria de Foz no teléfono 982.133.699, por Whats-App no 604.034.549 ou por correo electrónico na dirección foz@lugo.uned.es.

**SENDEIROS.** A asociación Os Sendeiros de Foz continúa coa organización de roteiros e o domingo 16 realizarán a ruta das Fontes e dos Regos, en Riotorto. A saída está prevista para as nove da mañá diante de Cenor, en Foz, e será un roteiro de 8 quilómetros. Os socios non federados deberán pagar tres euros e os socios temporais, catro, sendo gratuíta para os socios federados. A organización recomenda levar equipo de sendeirismo e máscara. As persoas interesadas en participar poden anotarse ata o venres 14 nos teléfonos 606 718 482 ou 670 369 017 ou mesmo no correo ossendeiros@yahoo.es.

## Continúa este mes a programación cultural

A Delegación de Cultura do Concello de Foz continúa coa súa primavera cultural e programa seis actividades para este mes de maio. A concelleira de Cultura, Inés López Couto, explica que “esta primeira semana de maio, contaremos cun documental de Carlos Lorenzo: Vértice de versos. Será este xoves, día 6, na Casa da Cultura ás 19.30 horas. Este documental fai un percorrido pola poesía contemporánea galega. Neste 17 de maio homenaxea a Xela Arias, referente tamén na nosa lírica. Contaremos coa presenza do director e de Emma Pedreira e Yolanda Castaño, mulleres que representan as letras galegas actuais, coas que haberá un coloquio posterior ao documental. O aforo é reducido e para asistir hai que reservar a entrada previamente chamando ao teléfono 982.140.027, extensión 3”. A edil de Cultura engade que “durante este mes de maio tamén a Escola de Música Municipal Arcadio Mon ofrecerá recitais dos seus combos. Serán o venres 7, o



xoves 13 e o venres 21, no paseo da Ribeira ás 20 horas. Para todos os amantes da boa música, poderán achegarse ao paseo e escoitar os diferentes combos da escola e o seu continuo crecemento musical. Seguindo coa música, o venres 14 na Basílica de San Martiño a Fundación Bal y Gay organiza un concerto da pianista Judit Jauregui ás 19.30 horas. E nese mesmo fin de semana das letras galegas teremos a actuación o domingo 16 da Banda de Música de Foz e o grupo teatral Toupouroutou ás 19 horas no Campo da Cabana, no que poderemos desfrutar do teatro e a música unidos”.

## O Bispo Santo prepárase para ser Festa de Interese Turístico



Imaxe de arquivo da romaría do Bispo Santo

A asociación cívico-cultural Obispo Santo está a reunir fotografías da celebración da romería co obxectivo de conter o material necesario para solicitar a declaración de Festa de Interese Turístico. A romería do Bispo Santo, en Foz, sumará este como o segundo ano sen celebrarse debido á pandemia pero os organizadores deste evento, que inclúe meriendas de familias e grupos de amigos e mesmo acampada, non queren deixar que quede no olvida e buscan agora a participación de todos os veciños e asiduos á cele-

bración. Os documentos que se buscan poden ser da caseta, da festa, da misa ou da procesión e non se fai un requerimento do ano. O obxectivo polo tanto é conseguir ter representación gráfica de todo o recorrido histórico desta romería, que ten a súa data de celebración habitual a mediados do mes de maio. As persoas que teñan estes documentos dixitalizados poden mandalos a foz@merkecartuchos.net e os que as teñan en formato físico poden dixitalizadas la tenda Merkecartuchos.

## Aniversario do colexio do Pilar

Este mes de maio cúmprense 75 anos da presenza das Relixiosas Franciscanas da Purísima en Foz. Así pois, neste ano tan atípico están a facer uns actos con aforo moi reducido e non como lles gustaría que fosen en condicións normais, onde puidesen participar todas aquelas persoas que o desexasen: alumnos e ex-alumnos, familias, amigos...

Os actos previstos deron comezo coa inauguración o pasado mércores 5. O acto contou coa presenza de Antón Niñe, estudoso de todo o relacionado coa comarca e gran

coñecedor da historia do colexio. Xa o sábado 1 de maio deu comezo unha exposición fotográfica dos 75 anos de historia do Colexio, no Cenima de Foz. Poderase visitar de luns a venres de 10 a 14 horas e de 18 a 20 horas, os sábados de 18 a 20 horas, e os domingo de 11.30 a 13.30 horas. O 27 de maio será o acto de clausura no que se descubrirá unha placa conmemorativa, a continuación pechará o acto a Superiora Xeneral da Congregación e finalmente haberá na Parroquia unha Eucaristía de Acción de Grazas.

## Comezan en próximas datas as obras da estrada a Alfoz

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou o contrato coa empresa Transformaciones Agrarias Isidro Hermanos Blanco Trigo, S.L. para a execución das obras de mellora da estrada provincial LU-P-0210, que une A Seara, en Alfoz, e San Acisclo, en Foz. Tomé Roca explica que a institución provincial investirá máis de 110.500€ nestas obras, 98.500€ na execución e 12.190€ na expropiación dos

terreos. Os traballos, que se levarán a cabo entre os puntos quilométricos 5,1 e 5,3, consistirán na ampliación e acondicionamento da vía con aglomerado en quente, así como na dotación de iluminación e beirarrúas. Está previsto que as obras comencen nas vindeiras semanas, sempre que as condicións meteorolóxicas sexan favorables, e o prazo de execución é de 6 meses.

## O PP insta a Cajoto a presentar a proposta de orzamento anual

O portavoz popular, Javier Castiñeira, denuncia a “parsimonia” do equipo de goberno Foz e reclama o inicio do debate do orzamento, así como un plan de emprego para o verán e a contratación de socorristas, canto antes. Castiñeira sinala: “Desgraciadamente dende o grupo municipal do PP temos que denunciar a parsimonia do bipartito focense, do goberno PSOE-BNG, que é o goberno máis amplo que nunca tivo este concello, con dez concelleiros, dúas dedicacións a cargo do propio concello, máis unha que financia a Deputación, e seguimos sen orzamentos municipais”. Engade: “Pasado xa o primeiro trimestre, con orzamentos prorrogados, non son capaces, nun ano tan extraordinario como é o 2021, de aprobar o presuposto, a pesar de que que a actividade produtiva do municipio depende en grande medida da xestión do equipo de goberno; non son boas noticias. Pedimos ao goberno municipal, ao alcalde señor Cajoto, que se espila e leve os orzamentos canto antes ao pleno e, sobre todo, que os consensúe”.

**TAXI JOSÉ MARÍA**  
Viveiro Lic. nº21  
Vehículo adaptado de 7 plazas  
Presupuesto sin compromiso  
Hoteles - Restaurantes - Hospitales  
Residencias - Aeropuertos - Viajes a toda España  
Rapidez, confort y discreción  
606 089 277  
pigueiras@hotmail.com - https://jose-maria.negocio.site/



**PRÁCTICAS EN LISBOA.** Dous alumnos do IES de Foz están facendo prácticas nun prestixioso restaurante de Lisboa propiedade do famoso chef portugués José Avillez.



# Rematan as obras de mellora dos accesos á vila

O Concello de Foz rematou estes días as obras de mellora en todos os accesos á vila de Foz, un plan conxunto que necesitou do investimento de 95.000 euros.

Tal e como subliñaron dende o Concello, estes traballos consistiron na reposición de mái de 550 metros de firme con aglomerado en quente e que contaron tamén coa construción de novas beirarrúas na contorna do cruceiro de Vilaxoane e na rampla do IES, onde tamén se acometeron traballos de asfaltado.

Estas obras melloras implicaron tamén a colocación de 3 novos pasos elevados de seguridade para os peóns e o pintado, por unha banda de 5.600 metros de liñas viarias e por outra a instalación de 7 novos pasos de peóns.

Completouse a actuación coa colocación de 20 novas sinais verticais.

Segundo indica o alcalde, Francisco Cajoto, estas obras estaban moi demandadas “xa que había moito tempo que non se traballaba nos accesos á vila” polo que recibiron “unha gran aceptación por parte dos veciños, que están moi satisfeitos co resultado”.

**RÚA JULIA MINGUILLÓN.** O Concello de Foz continúa coa mellora de viais urbanos da localidade, agora na rúa Julia Minguillón e na subida ao IES focense.

O alcalde, Fran Cajoto, explica: “procedeuse ao aglomerado da rúa Julia Minguillón e da subida ao IES da localidade, viais que pasaron de ser camiños urbanos a rúas urbanizadas. Deste xeito, continuamos co noso firme compromiso da mellora da accesibilidade en todo o casco urbano. Os traballos rematarán unha vez que se complete a sinalización vertical e



Arriba, melloras de accesos e, abaixo, a rúa Julia Minguillón

horizontal e o recrecido dos rexistros de servizos públicos. Rogamos a veciñas e veciños desculpen as molestias durante a execución das obras”.

**SUBIDA A VILELA.** O Concello de Foz renovou o firme dos 900 metros do vial de subida a Vilela, na parroquia de San Martiño, con aglomerado en quente.

O alcalde, Fran Cajoto, explica que “con cargo a fondos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, o Concello de Foz procedeu á limpeza das marxes e ao aglomerado en quente da subida a Vilela, en San

Martiño, que tiña un firme en moi mal estado. A actuación completouse coa disposición da sinalización horizontal, pintando ambas marxes na totalidade do vial”

Fran Cajoto engade que “tamén se rematou a mellora de viais en parroquias contemplados no Plan Único do 2020, procedendo á sinalización vertical, pintado e algunha actuación de mellora da drenaxe, como unha nova canle de desague, no núcleo de Demoroi, en Nois. Estamos satisfeitos co resultado, aínda que quedan moitos camiños e rúas en mal estado en todo o concello”.

# Adamo instala a alta velocidade e patrocina ao equipo de fútbol

Ata 10.500 vivendas de Foz contan xa coa conexión a Internet de alta velocidade de Adamo. Ao agregar Fazouro, Nois, Cangas de Foz e Cordido á súa rede, a empresa cobre o conxunto de localidades que pertencen ao municipio. O seu alcalde, Francisco Cajoto, apoia e segue o despregamento do equipamento. Desta maneira, o operador continúa coa súa expansión en Lugo, provincia na que xa fornece a fibra óptica máis rápida que existe hoxe en día no mercado (1.000 Mbps) a 50.000 fogares. Entre outros concellos, en Begonte, Cervo, A Fonsagrada ou Barreiros, así como na parroquia de Celeiro.

Ademais de proporcionar esta infraestrutura tan necesaria, a empresa apoia economicamente ao equipo de fútbol do municipio, ao que se atopan vinculadas máis de 300 familias e que milita na liga Preferente. En virtude do acordo asinado co seu presidente, José María García Rivero, a compañía tamén ofrece aos futbolistas Internet gratis en casa durante 4 meses



ao contratar paquetes cunha liña móbil de 23, 50 ou 80 GB e cheques regalo de Amazon por importe de 25 euros. Este patrocinio sitúase na liña marcada por Adamo de crecer da man da contorna no que se desprega, apoiando á comunidade na que se desenvolve.

Este paso en Foz enmárcase na firme aposta da compañía por esta provincia, na que instalará Internet de alta velocidade para 26.530 inmobles ao longo de 2021 e 2022. Sumados ás 50.000 actuais, Adamo alcanzará as 76.500 vivendas na súa rede lucense en dous anos.

# Foz recolle plásticos de silos

O Concello acometerá a recollida de plásticos de silos porta a porta o venres 7 de maio. Os usuarios deberán poñerse en contacto co teléfono 982 133 159, onde será anotada a solicitude e pasarase a recoller nos días seguintes, segundo a ruta que lle corresponda.

Os plásticos deberán estar depositados en dúas moreas por tipo (plásticos -cor branca ou negra- de embo-

lar por un lado e plástico de silo fixo ou trinchera por outro), nun lugar de fácil acceso para o vehículo de recollida, sen atrancos que a entorpezan ou ralenticen e dentro da explotación. Non se poderán depositar en bens de uso ou dominio público.

Os plásticos deberán ir limpos de terra (non se aceptarán nin cordóns, nin garrafas, nin calquera derivado da actividade agrícola).





## O Concello colaborará coa asociación Acougo

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, asinou un convenio de colaboración coa Asociación Galega de Familias de Acolida (Acougo), no que ambas partes manifestan o seu interese en colaborar mutuamente no desenvolvemento de programas de atención, formación e difusión en materia de sistema de protección de menores, así como da medida específica de acollemento familiar que promove esta asociación.

“Apoiaremos o traballo de sensibilización para a transformación e mellora social sobre acollemento familiar e residencial, os dereitos da infancia e do sistema de protección, das familias de orixe e das

familias de acolida”, explica María Loureiro.

A colaboración será sempre desde unha perspectiva holística e de xénero, adquirindo o Concello o compromiso de facilitar sempre na medida do posible o uso de espazos e/ou recursos que se poidan precisar para acadar tales fins.

Este convenio xorde tras a reunión mantida o pasado 15 de marzo entre Victoria Baamonde Gómez, concelleira de Benestar Social, Lucía Miguez López, subdirectora de Servizos Sociais, e a directora e coordinadora da Asociación Galega de Familias de Acolida, a traballadora social Carmen Dourado Rodríguez.



## Doce familias beneficianse do programa Xantar na Casa

O Concello de Viveiro lembra aos seus veciños e veciñas que poden beneficiarse do programa Xantar na Casa, unha iniciativa de vital importancia da que o municipio forma parte desde o ano 2010, segundo precisa Victoria Baamonde, concelleira de Benestar Social.

Este programa consiste nun servizo de comida a domicilio para facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, que non poden valerse por si mesmas para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús. Actualmente, 12 familias beneficianse deste servizo en Viveiro.

Este programa está aberto ás persoas empadroadas e residentes no Concello de Viveiro que presenten a solicitude no Departamento de Servizos Sociais e que sexan maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e

sen rede de apoio que poida suplir tal situación. Tamén a persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, e requiren de axuda para a preparación de alimentos, e persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, tecnicamente avaliada polos Servizos Sociais do Concello.

Os xantares entréganse nun único día á semana aos usuarios/as, que recibirán no seu domicilio sete bandexas diferentes co xantar para cada día da semana. A distribución realízase en recipientes adaptados e o menú incluír primeiro prato, segundo prato e sobremesa.

Os menús son completos e equilibrados, variados e adaptados ás necesidades das persoas usuarias, así como á gastronomía local e á época do ano. As persoas beneficiarias do programa poderán ter acceso a calquera tipo de dieta, a condición de que esta veña pautada polo seu médico.

## Remata a renovación de vías e pistas na parroquia de Magazos

O goberno municipal de Viveiro informa da finalización de varias actuacións de mellora e renovación en vías e camiños da parroquia de Santa María de Magazos. En concreto, finalizaron os traballos de reposición do firme na pista denominada Pista Veiga 2, ubicada na Veiga, na parroquia de Santa María de Magazos.

Así mesmo, na mesma ubicación tamén se realizaron as obras de reposición do firme na pista Veiga 3 e na pista Granxas-Tilleira.

Estas tres obras, cun orzamento aproximado en conxunto de 40.000 euros, “dan resposta ás demandas dos veciños e veciñas da zona, mellorando as comunicacións na parroquia e aumentando a seguridade viaria de vehículos e peóns”, asegura María Loureiro, alcaldesa de Viveiro. As actuacións consistiron en labores de mantemento, tanto do firme



Imaxe do resultado dos traballos realizados en Magazos

existente mediante bacheo como de mantemento dos marxes do vial mediante a limpeza de cunetas, e en labores de mellora, co reforzo do firme existente coa incorporación de novas capas que se axusten ás características do tráfico rodado que soportan. Incluíron, ademais, o saneado e

limpeza dos sumidoiros de augas pluviais, reponendo todas aquelas pezas e elementos que presenten algún tipo de deterioro.

Esta actuación forma parte do plan integral de mellora de vías e camiños do grupo de goberno, tanto no casco urbano como nas parroquias.

## Convocan a III edición do premio de novela Vilar Ponte

O Concello de Viveiro publicou as bases do III Premio de Novela Vilar Ponte. Tras o éxito das dúas primeiras edicións, o Concello viuse na obriga de aprazar o ano pasado a terceira, debido á situación sanitaria derivada da pandemia do coronavirus

Como en anos anteriores, tanto a extensión como a temática das obras é libre e cada orixinal será presentado en catro copias en papel, sen firma pero con título e lema en sobre pechado.

“Estamos moi satisfeitos pola calidade e a cantidade dos exemplares recibidos no 2018 e no 2019, as dúas edicións foron un éxito e queremos consolidar o premio dentro do escenario da literatura galega”, afirma a alcaldesa de Viveiro, Ma-



ría Loureiro.

O prazo de presentación acabará o próximo 31 de xullo e o lugar para enviar os orixinais será o Concello de Viveiro. Habrá un primeiro premio de 4.000 euros e un segundo de 1.000 euros. O acto de entrega será no Teatro Pastor Díaz.

## Inician a resolución do contrato do matadoiro

O Concello de Viveiro informou que iniciou o expediente de resolución do contrato de explotación do matadoiro municipal xa que a empresa contratista se atopa en concurso de acreedores, constando a apertura da fase de liquidación. Este feito por parte da empresa supón a incursión nunha causa imperativa de resolución contractual.

Dende o Concello incluíron a moción de urxencia no último pleno. O devandito contrato fora asinado o 30 de setembro de 2014 coa empresa Explotaciones Viveiro S.L. e tiña unha duración de 25 anos.

O Concello iniciará despois de resolver o contrato a tramitación dun novo concurso para adjudicar o servizo.



**CONCURSO.** O Concello entregou os premios dos certames de debuxo infantil e fotografía amateur convocados no marco da programación do Día da Muller. Entre os debuxos presentados resultaron gañadoras as obras de Juan Míguez Vázquez, Antía Pardo Andino, Beatriz García Fernández e Laura Peña Rodríguez. No caso das obras fotográficas foron premiadas as imaxes de Sandra López López, Esther López Álvarez, Paco López López e María Simón Cundís.



## Sete centros de ensino súmanse a unha campaña de reciclaxe

O Concello está a realizar unha campaña de recollida selectiva nos centros educativos do municipio en colaboración con Ecoembes. Grazas a esta iniciativa, o goberno local pretende fomentar a reciclaxe entre o alumnado e sensibilizalo sobre a súa importancia.

En total, sete centros de ensinanza adheríronse a esta iniciativa sobre a recollida selectiva en Viveiro. Concretamente, participan o CEIP Landro, a EEI San Roque, o CEIP Plurilingüe de Covas, o CEIP de Celeiro, o CEIP Plurilingüe Santa Rita. A estes centros, súmanse tamén a aula UNED de Viveiro e o Conservatorio Profesional de Música.

No marco desta campaña, entregáronse nos citados centros numerosos colectores para o interior das instalacións educativas. Os contedores permiten separar dunha banda os envases lixeiros, que se depositan no colector amarelo; e doutra banda o papel e o cartón, cuxo destino é o colector azul.

## Viveiro integra á comunidade xorda na programación cultural



Entrega do material destinado á comunidade xorda

O Concello de Viveiro, a través da súa Concellería de Cultura, asinou un convenio de colaboración coa Fundación La Caixa e CaixaBank para a adquisición de cinco mochilas vibratorias Subpac que garantizan a accesibilidade da comunidade xorda á programación cultural municipal. As mochilas vibratorias transmiten a música mediante vibracións, facilitando así que as persoas xordas ou con disfuncións auditivas tamén poidan vibrar nos concertos. Son unha

das ferramentas que poden achegar a cultura, e neste caso a música, ás persoas con discapacidade auditiva, permitíndolles gozar dela doutra forma pero en igualdade de condicións que calquera outra persoa.

Con motivo da presentación das mochilas vibratorias, a Concellería de Cultura creou tamén un programa de sensibilización coa lingua de signos (LSE) a través dun contacontos en LSE e un curso online de formación en lingua de signos de 40 horas.

## Loureiro pide a reanudación do Servizo de mediación, arbitraje e conciliación

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, solicitou á Xunta de Galicia a reanudación do Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC).

Grazas a un acordo entre a administración local e o SMAC de Lugo, o servizo préstase un día á semana en Viveiro. O Concello facilita medios materiais e persoal administrativo para elo.

A prestación deste servizo quedou interrompido dende o inicio da pandemia, pero tendo en conta a situación actual e considerando que se trata dun servizo

necesario para Viveiro, o concello remitiu o escrito referido, ao que se contestou dende a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade indicando que se preve a súa reanudación en canto as circunstancias actuais o fagan aconsellable.

“Dende o concello estaremos pendentes para que a reanudación poida realizarse o antes posible, con todos os protocolos Covid-19 pero tendo en conta que falamos dun servizo moi necesario”, engade a alcaldesa de Viveiro.

## Por Viveiro pide ampliar o horario da oficina de turismo

“A recuperación e potenciación do sector turístico é fundamental para a reactivación da economía despois da crise ocasionada pola pandemia da covid-19, dada a dependencia deste sector tanto a nivel do estado como a nivel autonómico”, di Bernardo Fraga Galdo, voceiro do Grupo Municipal de Por Viveiro, “sendo este razoamento aínda máis importante no caso do Concello de Viveiro, que basea un 50% da súa actividade económica no sector servizos”.

“A oficina de turismo de Viveiro é visita obrigada para moitas das persoas que chegan a este concello e que demandan información das posibilidades de ocio vacacional que ofrece. Sendo prioritario ter un horario de atención o público que cubra todos os días da semana, podendo minimizar o horario de luns a xoves, para potencialo de venres a domin-



Oficina de turismo de Viveiro

go, que son os días de maior afluencia de visitantes”, engade Fraga. A día de hoxe a oficina de turismo ten un horario de luns a venres de 10 a 14 horas e de 16.30 a 19 horas, sábados de 11 a 13.30 horas e os domingos está pechado.

Dende Por Viveiro entenden que non se lle pode pedir a persoa responsable da oficina “que ela sola cubra este horario que nos demandamos, por todo o exposto pedimos que se posibilite ter un horario de atención ao público de luns a domingo”.

## Aprazado ao 2022 o Resurrection Fest

En vista á situación actual, o 15º aniversario do Resurrection Fest aprázase ao 2022, así o comunicou a organización. Realizarase do 29 de xuño ao 2 de xullo de 2022, na fin de semana habitual.

“Unha vez máis e ante todo, queremos agradecervos todo o voso apoio, confianza e comprensión tras este último ano. Do mesmo xeito que afectou a moitísima xente, para nós foi o maior golpe das nosas vidas como festival, un ano terrible en moitos aspectos, pero estivestes aí connosco esperando por boas noticias e seguíndonos.



Sempre fostes o mellor público de España e ano tras ano seguídolo demostrando. Grazas, de corazón!”, di dende a organización.

Así, tal e como ocorreu no 2020, todas as entradas compradas previamente serán válidas o ano que vén. Aínda que máis adiante haberá unha plataforma para poder revender eticamente e de maneira segura as entradas a un amigo ou familiar que non puidese comprarla previamente ao estar o festival sold-out. Se non se puidese asistir tamén se poderá tramitar a devolución da entrada sen problema.

## O Concello de Viveiro manterá a gratuidade na escola infantil

O Concello de Viveiro non cobra desde o 1 de xaneiro a matrícula na Escola Infantil Municipal para o segundo fillo ou filla e sucesivos pertencentes á mesma unidade familiar, unha medida que continuará no próximo curso académico.

Esta bonificación do 100% das cantidades correspondentes á matrícula do segundo fillo ou filla e sucesivos pertencentes á mesma unidade familiar é posible grazas á modificación da Ordenanza Fiscal núm. 44, reguladora dos prezos públicos do servizo do centro de atención á primeira infancia, aprobada no Pleno do 3 de novembro de 2020.

**PRAZO.** Abriu tamén o prazo de preinscrición na Escola Infantil Municipal para o vindeiro curso 2021-2022. O prazo estará aberto ata o vindeiro 31 de maio de 2021.

As persoas interesadas poden recoller as solicitudes na Escola Infantil Municipal, no Centro de Servizos Sociais ou na propia web do Concello de Viveiro. As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Municipal ou a través da Sede Electrónica.

No caso de xurdir algunha dúbida, as persoas interesadas poden contactar cos teléfonos 982561461 (Escola Infantil Municipal) ou 982550421 (Centro de Servizos Sociais).

**Chegou a hora...  
... a hora do**

# ARNAO VERMUT

**O NOSO VERMUT**

Produto de

**CASTILLO SAN DAMIAN**  
Discosta Norte S.L.

Dompiñor, 12. 27715 Ribadeo  
982 128 900  
www.discosta.com



## O Concello recibiu un agasallo da veciña Gloria de Corneta



Gloria de Corneta entrega o cadro aos representantes do Concello

O Concello de Burela vén de recibir un agasallo moi especial. Trátase dun cadro cunha fotografía dos traballadores da fábrica de Cucurny do ano 1925.

O concelleiro de Cultura, José Díaz, explicou que "Gloria de Corneta, unha veciña moi coñecida desta localidade, unha persoa moi activa, que foi pregoeira das festas patronais, quixo ter este detalle co Concello de Burela. Acabamos de recibir este cadro cunha fotografía na que se pode ver aos traballadores da fábrica de Curcurny do ano 1925. Este cadro quedará nas dependencias municipais nun lugar visible e significativo, que decidiremos en datas próximas".

**LIBROS.** O concelleiro de Cultura, José Díaz, agradécelle ao Ayuntamiento barcelonés de Montmeló o envío de varios exemplares da publicación Redescubriendo la fábrica Cucurny, que estarán a disposición das veciñas e dos veciños de Burela para a súa consulta na Biblioteca Municipal. A revista recolle as orixes desa fábrica en Montmeló e en Burela e a importancia que tivo para a localidade mariñá.

José Díaz dixo: "unha revista ilustrada, moi ben feita, tanto na parte escrita como na de fotografías que ilustran moi ben e resume a historia desta importantísima fábrica, para eles en Montmeló e para nós en Burela".

## O Concello asina simbolicamente o protocolo do bo trato á infancia

O Concello de Burela asinou de maneira simbólica o Protocolo polo bo trato á infancia. Fíxoo con diferentes entes e centros educativos, coincidindo coa xornada na que se homenaxea o comportamento que as nenas e os nenos tiveron durante o confinamento domiciliario o ano pasado, coincidindo coa data, fai un ano, na que puideron saír á rúa despois de pasar 42 confinados.

A concelleira de Servizos Sociais, Carmela López, explicou que "este protocolo é o resultado do traballo conxunto de diferentes servizos do municipio no ámbito social, educativo, sanitario e outros organismos que interveñen coa infancia e a adolescencia desde os que se ten detectado a existencia de carencias familiares en canto ao bo trato a menores, que lles están a dificultar un desenvolvemento axeitado".

A edil burelesa dixo que "con este acordo prestarase especial atención á prevención da violencia intrafamiliar e á súa detección precoz artellando xeitos sinxelos de notificación e intervención coa finalidade de que as nenas e nenos do concello vivan en entornos seguros e libres de todo tipo de violencia".

López subliñou que "este protocolo



Participantes na presentación do protocolo

ten como obxectivos sensibilizar ás familias e á poboación xeral da necesidade do bo trato aos nenos e ás nenas para favorecer o seu axeitado desenvolvemento persoal, social e comunitario; fomentar hábitos e estratexias de bo trato, coidado e atención ás necesidades propias e específicas dos nenos e nenas a nivel educativo, emocional, de saúde e de lecer e tempo libre, entre outros. O protocolo asinado polo Concello burelés tamén tenta crear unha rede de profesionais implicados e coordinados para a sensibilización e o fomento do bo trato aos nenos e nenas dentro das familias. Ademais

persegue detectar, notificar e intervir de forma axeitada en casos de sospeita de tratos inapropiados aos menores".

A concelleira de Servizos Sociais engadiu que "desde os servizos e institucións do Concello de Burela, implicados na implantación deste protocolo, procederemos á difusión de carteis e dípticos informativos e de sensibilización cara ao bo trato da infancia. Tamén organizaremos charlas telemáticas e presenciais na medida que sexa posible sobre disciplina positiva dirixidas á poboación xeral, e celebrarase o Día Internacional da Non Violencia o 2 de outubro".

## A Escola Municipal de Música organiza varios obradoiros

A Escola Municipal de Música de Burela organiza varios obradoiros que se levarán a cabo desde o 11 de maio ao 23 de xuño.

Xan Carballal, o director da Escola, explica que "están destinados a todos os rapaces dende seis anos, mozos e adultos que queiran aprender e lles guste a música. Poderán utilizar o instrumental do que dispón a Escola de Música, respectando a normativa sanitaria en todo momento, e participarán dos obradoiros ofertados de balde".

Carballal sinala que "comezarán o 11 de maio e rematarán o 23 de xuño, realizándose todas as xornadas nas instalacións da Escola de Música, sita na Rúa da Igrexa. Para inscribirse terán que cumprimentar a folia de ins-

crución que foi entregada nos centros educativos e enviala por whatsApp ou entregala presencialmente na Escola de Música antes do 10 de maio. Para calquera consulta atenderáse-lles nos teléfonos habituais dos que dispón a Escola de Música".

O director da Escola de Música engade que "as especialidades ofertadas serán vento madeira, con instrumentos coma clarinete, frauta traveseira, saxofón, óboe, etc...e vento metal con instrumentos coma trompeta, trombón, tuba, bombardino, etc..."

Os obradoiros serán impartidos polo profesorado habitual da Escola de Música en horarios específicos para cada especialidade instrumental e coincidindo sempre os martes ou mércores pola tarde".

## Un ano máis sen festas patronais

A axenda cultural de Burela para o mes de maio inclúe teatro para os máis pequenos, música coa actuación de Susana Seivane e o 29 de maio será o pregón das festas patronais, seguido do concerto do grupo Nostálgica. Aínda que non haberá uns festexos coma os que se celebraban antes da pandemia Concello e comisión organizadora programarán algunha actividade adaptándose ás medidas de seguridade e aos aforos en vigor.

O sábado 15 recuperamos por fin os concertos no auditorio coa actuación de Susana Seivane, que estará a partir das oito presentando o seu último disco *Dende ou meu balcón*. Terá un custo de 5 euros e as entradas venderanse en despacho de billetes desde

media hora antes do espectáculo. O último sábado do mes coincidirá co pregón das festas de Burela, qu se adaptará ás condicións sanitarias.

O concelleiro de Cultura, José Díaz, avanzou que haberá un pegoero que se anunciará nos próximos días.

Haberá un concerto ese día, "tiñamos un concerto previsto desde hai tempo e que manteremos", a cargo do grupo Nostálgica, da Coruña, que fai versións de temas moi coñecidos, como Bonnie Tyler, de Sabina, Los Secretos, de Jason Black, de Brian Adams ou de Mike Oldfield.

Díaz engadiu que "faranse cousas durante as festas, pero evidentemente moitas menos porque non nos parecía que este ano fose unha boa idea recadar no comercio e a hostalería locais, dada a situación que hai e que bastantes problema teñen xa. Ademais para non poder facer unhas festas espectaculares, como sempre se fixeron aquí en Burela, teremos que adaptarnos ao que hai e confiar en que o ano que vén sexa

distinto".

O edil animou "a todos porque a cultura é segura, ten que ser segura, temos que facer que o sexa e temos que apostar por ela, porque a cultura marca o que é un pobo, sen cultura non hai pobo, entre todos seguro que volveremos colocala onde se merece e ao auditorio de Burela tamén na mesma situación na que estaba con moitas actuación que moita xente esperaba e que seguro que volveremos ter".

Pola súa banda, o alcalde de Burela, o socialista Alfredo Llano, explicou que "a veciñanza de Burela está desexando, normal, a celebración das festas patronais. Sempre son un motivo para agrandar as relacións entre familiares, amigos e visitantes. As festas de Burela son referencia na Comarca. Teñen moito que ofrecer e son motivo de moito movemento económico, social, artístico e cultural. Este ano faremos algún acto para lembralas pero realmente o que desexamos e vivilas de novo con toda a súa intensidade".



**CURSO 2021/2022**  
 Contáctanos hoy para  
 reservar tu plaza para el  
 nuevo curso

...where English is fun!

982 103 377  
 605 738 247

SCAN ME

www.docklandsacademy.es



## Estudan multar a donos de cans que non recollan os excrementos



Toñi Eijo, a concelleira de Medio Ambiente

A concelleira de Medio Ambiente, Toñi Eijo, fai unha chamada aos propietarios de cans para que recollan as feces das súas mascotas das rúas, prazas e xardíns. E lembra que estas condutas, consideradas infraccións leves, poden ser sancionadas con multas desde os 100 aos 750 euros. A edil burelesa fixo fincapé “na crecente preocupación que temos debido ao aumento de feces de cans nas rúas, prazas e xardíns do noso pobo. Se ben é certo que a maioría das persoas que teñen can recollen

os seus excrementos, hai uns poucos que non son tan respectuosos e que xeran unha situación negativa para todas as veciñas e os veciños”.

Toñi Eijo sinalou que “recoller as feces dos cans pode non resultar agradable, pero é moi importante para manter o noso pobo limpo, hixiénico e para ademais coidar do medio ambiente. Toparse con eses excrementos na rúa é moi desagradable, non só polo cheiro, senón tamén polo risco de pisalos e polo dano que provocan nos xardíns do noso pobo”.

## Xa hai nova ordenanza do peche de fincas

Aprobada a nova ordenanza sobre o peche de fincas e valados, que busca mellorar a imaxe da vila. Na sesión tamén se deu conta das novas zonas que o Concello está a preparar para facilitar a práctica do sendeirismo como son Pomedá, Vilal e Vila do Medio, onde se pode disfrutar da beleza dunha fervenza, entre outros atractivos.

O alcalde burelés, Alfredo Llano, explicou que “esta normativa sae como consecuencia de poñer un pouco de referencia á hora de de facer os valados. O que queremos nosoutros, a través desta regulación, é permitir que exista unha harmonía, unha integración, unha referencia e que todo o mundo teña claro como pode facer os valados nas zonas diferenciadas de Burela, xa sexan solares ou fincas. O que pretendemos con isto non é comprometer aos veciños para que o fagan xa, senón dicirlles como poden facelo para que haxa unha coherencia e organización, e si se chega a Burela que



Imaxe de Vila do Medio

se vexa unha certa harmonía nestes aspectos. Pensamos que isto era algo que tiñamos que facer porque tiña que estar contemplado no Plan Xeral. Tiñamos que facer unha regulación parcial porque existía unha normativa que xa se viña aplicando, pero con esta regulación pensamos que isto se facilita e mellora o aspecto visual, estético e que funcione dunha maneira integral. Agora, unha vez publicada no BOP, vai haber quince ou vinte días para que a xente poida presentar alegacións que complementen esta normativa nos seus articulados”.

## A directiva de ACIA Burela comunicou que dimitirá

A Asociación de Comerciantes, Industria e Autónomos de Burela celebrou o pasado xoves 16 de abril unha asemblea para revisar e aprobar as contas do ano 2020. Esta reunión realizouse cumprindo todas as medidas de seguridade marcadas dende as entidades sanitarias. Dende hai un ano, a directiva de ACIA Burela atópase en funcións e nesta asemblea comunicou a súa decisión definitiva de dimitir. Os membros da mencionada directiva cren firmemente na necesidade de renovación destes cargos dado que os socios e socias precisan novas ideas, ilusión e accións que axuden a darlle un forte impulso aos seus establecementos. Nesta liña, hai boas novidades xa que se está a crear unha nova candidatura coa finalidade de seguírlle dando apoio e respaldo aos asociados e tamén para que unha asociación, como é ACIA, siga viva e en funcionamento. Mentres non haxa eleccións haberá unha xestora encargada de facer as tarefas ata o momento no que os novos membros da directiva tomen o cargo.

## O festival Osa do Mar repartirase entre maio e setembro

O Osa do Mar chega este ano á súa sétima edición e terá lugar o 16 de maio e o 24 e 25 de setembro na casa da cultura.

Nesta edición, o festival dividirase en dúas grandes citas, a véspera das Letras Galegas o 16 de maio, e os días 24 e 25 de setembro.

Así, o día 16 ás 19.00 horas haberá un coloquio sobre o estado do Galego na música. Con Emilio López (Skornabois e Safari Orquestra), Manolo Maseda (Diplomaticos de Monte Alto), Nuno Pico (Grande Amore, Oh! Ayatollah e Skolhma) e Antía Muiño (cantautora).

Xa ás 20.00 horas será o concerto de Antía Muiño e ás 21.00 horas o de Grande Amore. As entradas, a 10 euros, poderán estar á venda na web [www.entradium.com](http://www.entradium.com).

## En marcha unha campaña de recollida de pilas usadas

O Concello de Burela, en colaboración con Urbaser, acaba de poñer en marcha unha campaña para potenciar a recollida de pilas usadas, fomentar a súa reciclaxe e evitar a contaminación ambiental.

Esta mañá a concelleira de Medio Ambiente, Toñi Eijo, iniciou o reparto de mini contedores para a recollida selectiva de pilas entre os comercios de Burela que se adheriron a dita campaña, dirixida a establecementos onde se venden pilas ou aparellos que funcionan con elas.

A edil burelesa explicou que “pretendemos incentivar a reciclaxe de residuos e recordar aos veciños a alta capacidade

de contaminación que teñen as pilas cando se tiran en contedores que non están especialmente habilitados para dita función. Unha pila normal pode chegar a contaminar uns 14.000 litros de auga; unha alcalina, 167.000; e as pilas de botón, uns 600.000 litros”.

Toñi Eijo dixo que “os comercios cando teñan os mini contedores cheos só teñen que chamar ao 626.76.31.42 e operarios de Urbaser desprazáranse ao establecemento a recoller ditas pilas”. E engadiu: “aproveitamos para recordarlles a todos os veciños e veciñas que no punto limpo e no punto limpo móbil tamén poden depositar as pilas usadas”.

## Reparto de libros nos colexios



O alcalde de Burela, Alfredo Llano, acompañado polo concelleiro de Cultura, José Díaz, repartiron hoxe nos centros educativos da localidade exemplares do libro Cen historias máxicas pola Mariña encantada. O volume, publicado pola Depu-

tación de Lugo, é obra de Antonio Reigosa e conta con ilustracións de Neira Brochs. Neses actos de entrega tanto o rexedor como o edil de Cultura fixeron unha pequena presentación do libro entre o alumnado dos centros de ensino de Burela.

**2500 m<sup>2</sup>**  
**a tu disposición**

¿Qué harías con ellos?  
Nosotros, reforestar.

**Tenemos un bosque para ti.**

Únete a nuestro proyecto de reforestación y descubre más en [ortegaloil.es](http://ortegaloil.es)

[www.ortegaloil.es](http://www.ortegaloil.es) Ortegaloil 881 93 18 56 \*Consulta con nuestro personal en cualquier momento de nuestro horario de atención al cliente.

**EL BOSQUE DE ORTEGAL OIL**



## Comezan as obras de reparación da praza da Música

Comezaron as obras de reparación do pavimento da praza da Música, na mazá interna da urbanización que está detrás da Oficina de Turismo. O custe dos traballos ascenderá a 33.000 euros que serán satisfeitos con fondos municipais. Estas obras veñen dadas por unha sentenza que o xulgado fallou indicando que era o Concello quen debiera asumilas por ser a parte superior de acceso e de uso público mentres que a parte inferior está destinada a aparcadoiros dos propios edificios. As obras necesarias foron propostas pola comunidade de propietarios do edificio, sobre un proxecto técnico que as valoraba nuns 17.000 euros, e finalmente estas obras teñen un custo duns 33.000 euros que serán satisfeitos con fondos municipais.

## Comezaron as obras da rúa da Estación e da praza de abastos

Comezaron as obras de mellora da rúa da estación, que discorre paralela á vía de Feve. Trátase dunha arteria principal que dá servizo ás parroquias do interior e a moito tráfico pesado. O vial terá dez metros de ancho, contará cunha beirarrúa, con nova iluminación led, árbores e mobiliario urbano. O investimento ascende a máis de 350.000 euros dos que 280.000 son aportados pola Deputación de Lugo. Aproveitarase para amañar a rúa adxacente, Segundo Moreno Barcia. Continúan en marcha os traballos de rehabilitación e reforma interior da praza de Abastos, cun orzamento de 59.000 euros, dos que a Xunta inviste case 39.000. Os traballos consistiron na renovación do saneamento da praza, dos baños, a instalación eléctrica, traballos de pintura e o cambio do pavimento.

## Veciños da Torre levan 36 anos reclamando un acceso digno

Un grupo de veciños do barrio da Torre, en Vilaselán, amosan o seu enfado tras tantos anos de espera na mellora dun camiño duns 290 metros, e do cal 190 encóntranse coa mesma anchura que hai máis de 50 anos, cando só circulaban por el os carros do país.

“É tal o seu estreitamento que dificulta, e nalgúns casos impide, o paso os viandantes cando se atopan con algún vehículo, poñendo nunha situación de risco para a integridade física ás persoas maiores e tamén a todas aquelas con mobilidade reducida”, din os veciños.

No 2008, 11 meses despois de ser nomeado Fernando Suárez Barcia alcalde de Ribadeo, tivo unha primeira reunión na que lles indicou que non se podía facer nada ata telo PXOM. “Pois ben o Plan Xeral de Ordenación Municipal



Estado do camiño da Torre

aprobouse o 14 de novembro de 2014 e a pesar de varias reunións e escritos remitidos a esta Alcaldía seguimos na mesma situación”. O que veñen reclamando desde hai 36 anos é un acceso digno, “non estamos a esixir unha avenida como Rosalía de Castro, soamente estamos a reclamar unha vía que nos permita a circulación tanto de persoas como de vehículos”.

## Os populares demandan melloras

**GRUPO SAN MIGUEL.** O Grupo Municipal Popular de Ribadeo non quere distincións entre “veciños de primeira e veciños de segunda”, segundo advirte a súa vicevoceira, Elena Sierra. Por iso no vindeiro pleno da corporación municipal os populares defenderán unha iniciativa para esixir o acondicionamento do entorno do Grupo San Miguel e Justo Barreiro.

Sierra reivindica “investimento para arrombar a contorna destes barrios que, a día de hoxe, atópanse bastante abandonados”. A explica que “despois de escoitar aos seus veciños, trasladamos a necesidade de dotar aos barrios de Grupo San Miguel e Xusto Barreiro de mobiliario urbano, contedores e farois; ademais de arranxar as súas rúas e beirarrúas”. O Grupo Municipal Popular agarda que o goberno local tome nota e actúe canto antes “dando resposta

ás queixas dos veciños destas zonas que se merecen unha contorna limpa e coidado” e, polo tanto, “garantindo a igualdade entre os nosos veciños”, segunda considera Sierra.

**O CARGADOIRO.** O Grupo demanda tamén ao goberno local do BNG arranxar dunha vez por todas a baixada ás praias de Rocas e do Cargadoiro. A vicevoceira explica que “levaremos este tema a Pleno tentando que o BNG actúe e invista”. A popular apunta que “Ribadeo demanda ao BNG actuar no arranxo da baixada á praia de Rocas e do Cargadoiro” porque “foron xa varios avisos por parte dos veciños” reclamando o acceso a estes areais que se atopa prohibido tras rexistrarse desprendementos que os fan perigosos. Sierra critica “o non como resposta” do goberno local ás peticións dos veciños e sinala que “o goberno actúa

## Licitadas as obras do Ceip Gregorio Sanz

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade publicou a licitación do contrato de obras para a rehabilitación integral do Centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Gregorio Sanz de Ribadeo, ao que destina un orzamento de 1.005.000 euros.

O proxecto suporá unha profunda reforma para mellorar a estética, o confort e a eficiencia enerxética. Esta actuación levarase a cabo seguindo as directrices do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica.

As obras reportarán un aforro anual do 44% tanto no consumo enerxético final como en emisións contaminantes á atmosfera. En concreto, no que se refire ao gasto en calefacción prevéase un aforro de máis do 62%.

Para elo, a intervención incluírá o illamento de fachadas e cuberta, redución de pontes térmicas, substitución da carpintería exterior e vidros,

e reforma da iluminación, entre outras medidas.

As empresas interesadas teñen de prazo ata o día 12 de maio para presentar as súas ofertas. As obras terán unha duración de sete meses e, na medida do posible, compatibilizaranse co normal desenvolvemento das clases, aínda que se aproveitarían os períodos de vacacións.

Ademais das actuacións encamiñadas a mellorar a eficiencia enerxética, o proxecto contempla tamén outras reformas nas instalacións. Así, vanse reparar e pintar as paredes interiores e abrillantarase os pavimentos. Colocarase falso teito en aseos e cociñas, e falso teito acústico en aulas, biblioteca e comedor. Cambiará a colocación da cheminea de evacuación de gases da caldeira de auga quente da cociña e repararase a estrutura metálica dos porches.



Acceso á praia de Rocas

como vén sendo habitual: tira balóns fóra, bota a culpa a outros ou di que non é competencia súa”.

**ESTRADAS.** Daniel Vega explica, pola súa banda, que “as estradas da Deputación no concello de Ribadeo sofren un abandono absoluto dende o pasado mandato”. Así, sinala

como unhas das máis prexudicadas a estrada LU-P-5201 que ante o seu mal acondicionamento supón problemas de asolagamento en épocas de choiva nunha vivenda da Rochela; a LU-P-5204 que pasa por Arante; a LU-P-5205 ao seu paso pola parroquia de Santalla de Vilaousende; ou a LU-P-5206 na Devesa.

Descárgate la App iHoreca de Carreiras

Disponible para iOS y Android en:

Disponible en Google Play Disponible en App Store

Distribuciones **Carreiras**

PIDE TU CODIGO DE CLIENTE

**982 58 20 00**

O PREGUNTA A TU COMERCIAL DE ZONA

Ánimo a todos y ánimo al sector hostelero. ¡Ya falta poco para volver a estar juntos!



## En defensa do rural

Unha empresaria do sector turístico de Vilaframil emprende unha campaña reclamando o asfaltado das pistas do rural e contedores de reciclaxe

Carmen, unha empresaria da parroquia de Vilaframil, propietaria de varios dotacións para o turismo rural, censura a negativa por parte do goberno local para arranxar as pistas e poñer uns colectores para a reciclaxe de de vidro e cartón.

“Nos tempos que vivimos temos que reactivar a economía e é difícil cando non contamos co apoio do Concello”, di Carmen.

Esta empresaria conta cunha casa de turismo rural nesta zona próxima a Rinlo, Casa Benito, ademais doutra vivenda turística. Agora, ten previsto realizar unha ampliación do seu negocio cunhas cabañas. Segundo explica, solicitoulle ao alcalde en diversas ocasións “o arranxo das pistas da parroquia en beneficio dos veciños da Madanela que sofren a diario, coma mín, o mal estado no que se atopan e para mellorar a imaxe do meu negocio que se ve moi afectado por este problema”.

Tamén teñen solicitado a instalación de contedores para o papel e o vidro para que os usuarios dos apartamentos e os propios veciños poidan reciclar. En calquera dos casos a resposta do goberno do BNG foi a mesma: “escusas, pero ningunha solución”.



Estado dunha das vías de Vilaframil

É máis, “non vemos ningunha intención por parte do equipo de goberno de apoiar aos negocios no rural”.

Explica tamén que o alcalde non está a apoiar as iniciativas no rural “xa que incluso para dar unha licenza de obras, tivemos que esperar 15 meses e eso non é de recibo”.

Carmen, como outros negocios do rural, quéixanse “dunha maior atención ao centro en detrimento do rural pero é o alcalde de todos así que ten que mirar por todos nós”.

Engade que se trata de máis ou menos 500 metros de asfaltado, que están en pésimo estado. “Xa lle dixen

que si non se podía aínda, que polo menos a rebachara, como se fai noutros lugares”.

Carmen invita ao alcalde a solicitar as axudas da Xunta para o amaño de camiños, “se o Concello de Ribadeo non pode facerse cargo, pero temos que seguir adiante cos nosos negocios”, recalca.

A súa loita está activa nas redes sociais pedindo o apoio dos veciños para contar con mesmos servizos e atención que na zona urbana. “Ribadeo vive do turismo e do comercio polo tanto debemos coidar precisamente eses sectores”.

## Comeza a rehabilitación da Torre dos Moreno

O Concello de Ribadeo recibiu o proxecto de rehabilitación da Torre dos Moreno que xa foi remitido á Comisión de Patrimonio de Lugo para que o informe. O alcalde ribadense, Fernando Suárez, considera que comeza a conta atrás para que este icónico inmore luza en todo o seu esplendor e para garantir a seguridade en toda a contorna.

O rexedor explicou que “a pasada semana entrou por fin, no rexistro de entrada do Concello, o proxecto para rehabilitar a emblemática Torre dos Moreno por parte da súa propiedade. Este agardado proxecto de arranxo deste edificio xa foi enviado á Comisión de Patrimonio de Lugo, que é un organismo dependente da Xunta de Galicia, que deberá informar preceptivamente esta proposta antes de que desde o Concello lle outorguemos a licenza municipal de obras”.

Este proxecto contempla, entre outras, actuacións de reparación da estrutura e do saneado de cubertas e de todas as súas fachadas. Os materiais de recuperación das fachadas van ser similares aos do morteiro de cal, que ten actualmente o edificio e tamén os materiais



de cuberta serán os mesmos que os do edificio actual.

Tamén se vai proceder á colocación de novas carpinterías exteriores, dado o mal estado das actuais, e en todo caso a intervención non vai modificar a volumetría do edificio. O alcalde engadiu que “empeza, polo tanto, a conta atrás para que este edificio icónico de Ribadeo poida lucir todo o seu esplendor que tivo a principios do século XX, e por riba de todo que coa súa rehabilitación poida asegurarse a seguridade pública necesaria tanto na contorna da rúa Villandrando como na Praza do Cantón”.

[www.hijosderamonrubalsl.es](http://www.hijosderamonrubalsl.es)  
[alfoz@hijosderamonrubalsl.es](mailto:alfoz@hijosderamonrubalsl.es)

# ARR

Hijos de  
Ramón Rubal

# 982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

# COMPRAMOS MADERA

# PINO Y EUCALIPTO

VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA  
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL



## LETRAS GALEGAS: XELA ARIAS

# A poeta que ía por diante do seu tempo e conectou coas xeracións do século XXI

## Unha autora singular, que contribuíu a renovar a poesía galega dos anos 80 en temas, estilo e forma

Xela Arias Castaño naceu en Lugo o 4 de marzo de 1962 como María de los Ángeles, aínda que os seus pais inscribiron o seu nacemento en Sarria, e foi chamada Xela desde pequeniña. Para cando puido revatirille a un xuíz que o seu nome privado e público era Xela, este autorizoulle o troco, e así pasou a ser Xela Arias, a escritora que todos coñecemos. Foi unha poetisa, tradutora en varias linguas, editora, e profesora galega, ligada a Edicións Xerais de Galicia, coñecida polas súas obras *Tigres coma cabalos* e *Darío a diario*.

**VIDA.** Os seus pais foron Valentín Arias López e Amparo Castaño López. As terras das familias paterna e materna estaban nas parroquias de Maside, Ortoá e Meixente (lugares da Vilerma, Barreiros e Mouzós). Foi criada en galego e estudou na Granxa de Barreiros, no Colexio Fingoi de Lugo, entre os catro e os sete anos. En 1969 a familia mudouse a Vigo, por ser destinado o pai como mestre á escola de Moledo, en Sárdoma, hoxe CEIP Sárdoma-Moledo. En 1976 ingresou no Instituto Castelao do barrio do Calvario pero facendo o COU abandonou os estudos, e comezou a traballar en Edicións Xerais de Galicia, desde o seu nacemento en 1979, canda Xulián Maure Rivas e Roberto Pérez Pardo, primeiro como oficinista, despois en creación e investigación e de 1990 a 1996 como correctora de estilo e editora.

**TRAXECTORIA.** Dende 1980 publicou en xornais e revistas como *A Nosa Terra*, *Diario 16 de Galicia*, *Faro de Vigo*, *Jornal de Noticias do Porto*, *Dorna*, *Tintimán*, *Carel ou Katarsis*, colaborou en publicacións como *Festa da Palabra Silenciada*, *Luzes de Galiza* ou *Boletín Galego de Literatura* e formou parte do consello de redacción de *Viceversa*, revista galega de tradución.

Participou nun recital poético nun acto contra a entrada de España na OTAN en 1982; en 1988 inscribiuse en Greenpeace; en 2002 participou nun recital en solidariedade cos afectados polo desastre do Prestige no MARCO; noutro Contra a Burla Negra, organizado por Pepe Álvarez Caccamo e máis ela en febreiro de 2003; ese mesmo mes e ao seguinte, leu declaracións en senllas manifestacións contra a Guerra de Iraq.

En 1986 ingresou na Asociación de Escritores en Lingua Galega. En 1991 rexistrou as letras para o grupo musical Desertores e retomou os seus estudos, iniciando Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo, licenciándose en 1996 pola Universidade de Santiago de Compostela, e iniciando a especialidade en galego-portugués. En 1996 Xela Arias publica *Darío a diario*, un libro de poemas dedicado ao seu fillo, que ofrece unha visión desidealizada e ao tempo fonda e entrañable da experiencia da maternidade.

No curso 1999-2000 comezou a exercer como profesora substituta de ensino secundario, de

lingua e literatura castelá, nos institutos Terra de Xallas de Santa Comba, Paralaia de Moaña, Valle-Inclán de Pontevedra, Xelmírez II de Santiago de Compostela e Valadares II de Vigo. En anos seguintes foi docente en Chapela (Redondela), A Sangriña (A Guarda) e Álvaro Cunqueiro (Vigo).

A súa *Poesía reunida* publicouse en novembro do ano 2018, con edición, introdución e notas de Chus Nogueira.

**TRADUTORA.** Comezou o seu labor como tradutora na nosa lingua co libro *Contos ó teléfono* de Gianni Rodari (1920-1980), autor italiano e gañador do premio Hans Christian Andersen. Éste, era un texto realmente atractivo para a xuventude e, sobre todo, para unha escola que comezaba a recuperar o galego como lingua de ensino. Tamén se animou co *O bosque animado* publicado en Edicións Xerais en 1987. O orixinal *El bosque animado* foi escrito


por outro galego, Wenceslao Fernández Flores, en 1943. Xa no ano 1988 un equipo formado por Valentín Arias López, pai de Xela; Xela Arias, María Xosefa Senín Fernández, X. Antón Palacio e Xavier Senín publicou *Don Quixote da Mancha*, da tradución da obra de Miguel de Cervantes. Esta foi a primeira versión en galego completa e publicada.

En 1993, viu a luz a obra de James Fenimore Cooper, *O derradeiro dos mohicanos*, a cal foi galardoada en 1994 co premio Ramón Cabanillas.

No ano 2000, Xela foi quen de facer a tradución de *Drácula*, de Bram Stoker.

Máis tarde, no 2003, chegou *As bruxas* de Roald Dahl e da man de Xela e Lidia Iglesias.

Ademais, traduciu a moitos máis escritores como Carlos Oroza, Camilo Castelo Branco, Jorge Amado, Juan Farias, James Joyce, Vicenç Beltran, Jan Terlouw, Angela Carter, Charles Baudelaire e Jean Rhys.





# A través da palabra, novos espazos



**EXPOSICIÓN.** Inaugurouse en Sarria a exposición Xela Arias. A poesía do retrato, unha colección de fotografías realizadas por Xulio Gil xunto aos textos poéticos da autora. Os vinte paneis que forman a mostra, con retratos en branco e negro que dialogan con cadanseu texto, quedaron instalados en distintos puntos do centro urbano de Sarria, conformando un roteiro urbano pensado para socializar a poética da autora homenaxeada pola Letras Galegas.

Os paneis da mostra instaláronse na Casa da Cultura, na Praza da Vila, na Escalinata Maior, no Paseo do Malecón, no Parque do Chanto, na Rúa Ánxel Fole, no Parque Castro Agrasar e na Capela de San Lázaro, na rúa que ven de tomar o nome da autora. As fotografías e poemas preséntanse impresas en panel metálico de aluminio de 3 mm. encadradas sobre 10 macromarcos de aceiro galvanizado sobre peana de formigón, un formato concebido para espazos exteriores que permite achegar a voz poderosa da autora e a súa imaxe icónica ao gran público.

Sarria é o punto inicial dunha itinerancia que continuará en Lugo, do 21 de maio ao 21 de xuño; en Chantada, do 22 e xuño ao 8 de xullo; en Monforte, do 9 de xullo ao 2 de agosto; en Viveiro, do 3 ao 26 de agosto; e en Ribadeo, do 27 de agosto ao 27 de setembro.

**MURAL.** O Concello de Sarria vén de promover un mural da poetisa local Xela Arias, así, o artista Mon Devane está a decorar unha mediana dunha casa coa imaxe da autora que este ano honra o Día das Letras Galegas. A imaxe escollida polo artista ourensán é unha das máis recoñecidas de Xela Arias, e foi o escollido polo Concello pola súa longa traxectoria en este tipo de murais como os realizados nas Estrelas del Camino, unha exposición de sete murais realizada ao longo de todo o Camiño Francés, en lugares como Triacastela, Sarria e Portomarín. O mural loce na rúa Xela Arias,

antiga rúa José Antonio, e pode verse no lateral dunha casa que se atopa preto da Casa da Cultura e dunha pequena zona de descanso, e ademais e moi visible por aqueles visitantes que entren na vila polo corredor.

**ESCOLA INFANTIL.** O novo nome da A Escola de Educación Infantil de Sarria pasou en abril a levar o nome da poetisa e profesora Xela Arias. A autora convertiuse no "eixe central" das actividades deste curso da escola na que se preparará un xardín de Xela Arias ou se realizarán debuxos sobre escritores, entre outras.



## CONCURSO

A Biblioteca Pública Municipal de Barreiros vén de convocar o Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2021 na súa fase local.

Poderán participar todas as nenas e nenos dos distintos concellos con narracións en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara, sobre o tema: O dereito das nenas e nenos a participar na vida cultural. (Artigo 31 Convención sobre os Dereitos do Neno).

Tamén haberá unha categoría de debuxos, feitos sobre cartulina cun tamaño aproximado de DIN A4, sobre o mesmo tema.

Cada participante pode presentar cantos traballos desexe, mecanografados, escritos a máquina ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Cada traballo, acompañase dunha folla co nome e os datos do autor ou autora.

Establécense tres categorías: A, ata 8 anos; B de 9 a 11 anos; C de 12 a 16 anos.

O prazo de presentación dos traballos rematará o venres 7 de maio ás 20 horas, debendo ser entregados nas bibliotecas municipais ou nos colexios de cada Concello.

O fallo do xurado local farase público na segunda quincena de maio. Os traballos premiados nesta fase local participarán na fase provincial do Certame, convocada pola Biblioteca Nodal de Lugo.



## Comezan a construción e probas dos sistemas antinéboa na A8



Imaxe do prototipo para solventar o problema da néboa

O Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana (Mitma) iniciou a fase de construción e experimentación en campo con dous prototipos das solucións innovadoras, que tratarán de resolver os problemas causados pola néboa sobre a circulación viaria, mediante o seu illamento, eliminación ou desprazamento, no tramo da Autovía A-8, entre Mondoñedo e A Xesta, na provincia de Lugo.

En tanto que as probas correspondentes aos dous prototipos de solucións innovadoras de axuda á condución en situacións de néboa iniciáronse o pasado verán de 2020, todos os prototipos de solucións innovadoras fronte á néboa atopáranse inmersos na fase de experimentación en campo con eventos reais de néboa este próximo verán.

Os catro prototipos en fase de experimentación da Compra Pública Precomercial (CPP), para o deseño, implementación e experimentación con prototipos de tecnoloxía innovadora relativa a sistemas de protección antinéboa na Autovía A-8, entre Mondoñedo e A Xesta, divídense en dous lotes. Dous dos prototipos corresponden ao lote 1, para o desenvolvemento de solucións innovadoras baseadas en sistemas de axuda á condución en situacións de néboa, e os dous restantes corresponden ao lote 2, para o desenvolvemento de solucións innovadoras baseadas en sistemas que actúan sobre a néboa mediante o seu illamento, eliminación ou desprazamento. O importe total dos citados contratos de servizos é de 5,64 millóns de euros.

## Marina Mayoral, premio Xosé Luis Alvite 2021

A Asociación de Xornalistas de Galicia acordou por unanimidade outorgar o Premio Xosé Luis Alvite 2021 a Marina Mayoral, catedrática emérita de Literatura Española, escritora recoñecida e veterana columnista.

Marina Mayoral é académica de honra da Real Academia Galega desde 2017. Ademais dos seus ensaios e novelas, traducidas a varios idiomas, sobresaen os seus contos, publicados nas mellores antoloxías en lingua española e en antoloxías de lingua inglesa e alemá. Entre o centenar dos seus traballos de investigación destacan as súas obras sobre Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, análise de poesía



Marina Mayoral

e prosa contemporáneas, así como os estudos sobre a problemática da escritura feminina ao longo da historia.

O acto de entrega aprázase este ano ao 22 de outubro próximo e terá lugar en Mondoñedo.

## Suspenden as Feiras e Festas das Quendas 2021 pola covid

A Asociación As San Lucas de Mondoñedo informa que este ano, como xa aconteceu na pasada edición, "tristemente", a cidade non celebrará as súas tradicionais Feiras e Festas das Quendas 2021. A organización adopta esta decisión ante a situación actual concreta que se está a vivir neste momento a causa da pandemia da covid-19, "nun país inmerso nun estado de alarma, coa implantación de medidas restritivas como é o toque de queda, ademais de verse afectado por novas variantes moito mais contagiosas e letais".

Dende a asociación organizadora das Feiras e Festas das Quendas consideran que o "prioritario neste momento é garantir a saúde e o benestar" tanto dos veciños e veciñas como dos "visitantes que anualmente se desprazan ata esta cita festiva", que reúne en Mondoñedo a centos de persoas,



A Feira das Quendas é unha das máis tradicionais

atraídos por un completo programa de actos.

Pese á dificultade e a tristeza que implica a decisión de descartar a celebración das Quendas, a organización chega a este acordo "coa previsión de que xa queda pouco e co desexo de que nos vindeiros meses estaremos todas e todos vacinados e con saúde". Deste xeito, a Asociación As San

Lucas "mira ao futuro, pensando nas San Lucas, traballando no programa para o outono, período no que moitas persoas collerán as súas vacacións e durante o que agardamos vovos a todas e a todos con saúde disfrutando das feiras máis antigas de Galicia e que estas sexan, coma sempre, lugar de encontro, feira, festa, tradición e cultura".

## Rematan as obras en varios locais sociais



Visita á asociación de veciños O Castelo de Oirán

A directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, visitou xunto co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, a asociación de veciños O Castelo de Oirán de Mondoñedo, que recibiu case 12.000 euros para o acondicionamento do seu local na convocatoria do ano pasado das axudas do Plan específico de acción comunitaria.

Natalia Prieto explicou que a través destas axudas, a Xunta busca contribuir a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal. Así, incidiu no importante papel destas asociacións para canalizar as demandas da veciñanza e, polo tanto, na necesidade de apoiar os proxectos encamiñados a garantir o seu funcionamento. As subvencións que concede a Xun-

ta mediante esta orde financian o acondicionamento, reforma e ampliación dos locais sociais das entidades veciñais e de mulleres rurais e a adquisición de material para o seu funcionamento, ademais de proxectos de comunidades de usuarios de augas para a mellora e a reparación de infraestruturas de traídas de auga veciñais por parte.

No caso da asociación de veciños O Castelo de Oirán as actuacións incluíron melloras no acceso ao centro social, así como o acondicionamento dos aseos e o almacén e a instalación dunha escaleira desmontable no espazo entre ambas zonas. En definitiva, medidas para garantir a accesibilidade de tódolos usuarios e contribuir á conservación do inmovble.

## O Concello prepara varias actividades

O Concello prepara para maio varias actividades que darán comezo o día 15 cunha exposición fotográfica de *Os Camiños de Carlos Casares*, de Xurxo Lobato. Esta mostra está na planta baixa, sala de conferencias, e no primeiro andar, sala de exposicións, do Centro Comarcal de Mondoñedo, e son 40 fotografías de 70x80cm. Poderase visitar ata o día 30 de maio. Ademais, o día 16 ás 18.30 horas na Catedral haberá un concerto dun tenor, dentro do Festival organizado por Bal y Gay.

## A escola de música O Pallarego acolle novos obradoiros

A escola de música O Pallarego de Mondoñedo acolle novos obradoiros gratuitos durante maio e xuño. Estes cursos son de instrumentos de vento madeira como clarinete, frauta traveseira, saxofón, oboe; e vento metal como trompeta, trombón, tuba, bonardino.

Serán para nenos e maiores, e a inscrición é gratuita e deberá facerse na escola. Para máis información haberá que chamar aos teléfonos 677 838 812 e 607 423 721. Os cursos serán de 17 a 18 horas, o de vento madeira será os xoves e o de metal os venres.



## Activan unha nova liña de axudas para hostaleiros e empresarios

O Concello de Cervo activou unha nova liña de axudas que está dirixida á hostalería “como un dos sectores máis golpeados pola pandemia que viu e segue a ver tremendamente limitada a súa actividade e que tivo que afrontar continuos peches derivados da situación sanitaria”, tal e como apuntou o rexedor, Alfonso Villares; que presentou o novo plan acompañado pola edil de Facenda, Dolores García Caramés.

O rexedor explicou que a Administración local aportará 1.000 euros procedentes das arcas municipais a cada un dos 34 establecementos que xa solicitaron o Plan de Rescate da Xunta.

Esta nova liña de apoio é froito dun convenio de colaboración suscrito coa Administración autonómica —explicou— “que permite articular mecanismos de xestión áxiles para que as axudas cheguen o antes posible aos seus destinatarios”. Así, o Concello de Cervo complementará con

eses 1.000 euros directos a contía da axuda autonómica que vai desde os 1.900 aos 3.700 euros, en función da extensión do tempo dos peches decretados e do número de persoas traballadoras ao seu cargo.

Esta axuda municipal —recordaron— “vén sumarse á exención do pago das taxas de auga, lixo, saneamento e terrazas que se aplicará durante 14 meses a partir de xullo”, coincidindo cos períodos de maior consumo”. Por esixencias normativas, a partir desa data, con carácter bimensual, emitiranse recibos por un valor absolutamente simbólico de ao redor dun euro. A modificación destas ordenanzas, de feito, xa foi aprobada no pleno ordinario municipal.

A edil e o rexedor subliñaron outras medidas que se foron aplicando desde que se declarou a pandemia para axudar ao sector na medida do posible “non se cobrou a taxa do lixo desde mediados de marzo e ata que se levantou a obriga de peche

total en maio; tamén se facilitou a ampliación das terrazas nos espazos públicos sempre que foi posible; e desde o 15 de marzo non se emitiu ningún recibo pola ocupación da vía pública”.

Así mesmo, tamén se dispuxo un plan de reactivación económica e social dirixido a todas as persoas autónomas do Concello que se puxo en marcha no pasado exercicio.

Villares quixo recoñecer o esforzo que está a facer, neste caso, todo o sector da hostalería e da restauración para sobrepoñerse a unha situación inédita que está a poñer ao límite a unha actividade económica fundamental para o noso municipio “por iso penso que a colaboración institucional, nun caso como este, é prioritaria, porque o único que importa é gañar en operatividade buscando a fórmula que nos permita ser máis áxiles na xestión; e este convenio vai nese camiño”, sentenciou.

### Convocado un concurso fotográfico de medio ambiente

O Concello de Cervo vén de convocar o XI concurso fotográfico de medio ambiente Cervo Respecta 2021. Tal e como explica a edil de Medio Ambiente, Mali Méndez, “os participantes poderán presentar un máximo de dúas fotografías, baseadas na temática xenérica do medio ambiente, inéditas e orixinais, sacadas en calquera lugar da Comunidade Autónoma de Galicia, terán que ser imaxes de natureza viva, que sirvan de exemplo de conservación do noso medio”.

Deberanse presentar en formato dixital (jpeg), en alta calidade, a unha resolución mínima de 2.048 px. sen limitación de tamaño en MB; a través do correo medioambiente@concellodecervo.com.

O prazo para presentar as imaxes remata o 21 de maio ás 23:59 horas.

Hai tres premios establecidos. Un primeiro, un segundo, e o premio “Top Cervo” á mellor fotografía na que se identifique claramente unha paraxe deste Concello; dotados todos eles con figuras de Cerámica de Sargadelos.

O fallo do xurado, composto por tres membros competentes na materia que votarán de xeito telemático, farase público o 5 de xuño, coincidindo co Día Mundial do Medio Ambiente.

### Acometen a mellora do saneamento do río Cobo



*O alcalde, nas obras situadas entre a urbanización Río Cobo e O Chope*

O Concello de Cervo está a acometer traballos para mellorar a rede de saneamento na contorna de Río Cobo.

O rexedor, Alfonso Villares, e a edil de Obras, Mali Méndez, estiveron na zona supervisando a actuación que dará servizo ás parcelas situadas entre a urbanización de Río Cobo e a zona coñecida como O Chope, para a que se destinan máis de 35.000 euros procedentes de fondos propios.

Con esta actuación, o que se pretende é completar a rede principal de saneamento para levar o servizo a estes puntos que por problemas de cotas, presentaban certa complexidade. Con esta

obra —precisaron— “logramos dar por finalizada e completada a rede de saneamento para cubrir as necesidades de toda a poboación do barrio de Río Cobo”. Villares puxo en valor estas actuacións que pola súa natureza, ao quedar soterradas, poden pasar dalgún xeito inadvertidas, pero que para nós, para o Concello de Cervo “son unha prioridade porque contribúen a mellorar a calidade de vida dos cervenses”.

Seguiremos apostando por mobilizar diñeiro público —engadiu— para conseguir o noso obxectivo “que é levar o servizo a cada recuncho de noso municipio, tanto ás zonas urbanas, como rurais”.

## Un matrimonio da localidade festexa 80 anos de casados



*O alcalde celebrou coa parella esta efeméride*

O alcalde de Cervo, Alfonso Villares, achegouse ata a parroquia de Castelo, para felicitar a José López e María Herminia Crego, polo seu 80 aniversario de vodas.

José, de 98 anos e que cumprirá os 99 este mesmo mes de abril, e María Herminia, de 96, conforman, desde logo, o matrimonio máis lonxevo do Concello.

Tal e como precisou Villares foi un auténtico privilexio poder

compartir uns intreos nesta data tan especial con esta parella que casou un 12 de abril do ano 1941 e que desprenden unha enerxía e un positivismo que contaxian ao recordar centos de anécdotas vividas cunha memoria envexable. O rexedor, levoulles unha planta de agasallo polo aniversario e desexoulles que sigan compartindo moitas experiencias de vida con esa saúde da que gozan a día de hoxe.

## O Concello porá en valor os bens arqueolóxicos atopados no municipio

O Concello de Cervo, a Asociación Mariña Patrimonio e a Universidade de Santiago traballarán conxuntamente na posta en valor do abondoso patrimonio arqueolóxico do municipio.

Así o anunciaron o rexedor, Alfonso Villares, e a edil de Patrimonio, Dolores García Caramés, logo de manter unha primeira toma de contacto con responsables da asociación e investigadores da USC para definir as liñas de actuación deste convenio de colaboración para a o estudo e a difusión do patrimonio arqueolóxico do Concello de Cervo.

O proxecto, que se detallará polo miúdo en sucesivas reunións que se celebran con carácter periódico, contempla prospeccións nos diferentes xacementos, sondaxes no Castro de Rueta, visitas guiadas ao xacemento durante os labores de escavación, conferencias cos resultados finais e charlas nos centros educativos, entre outras actividades.

Ademais, tamén se prevé a incorporación de estudantes da USC en

prácticas para que poidan completar a súa formación sobre terreo, da man de investigadores consolidados na materia, con recoñecida experiencia e coñecementos.

O rexedor e a edil amosaron o compromiso do Concello para materializar o proxecto este mesmo ano, e ofreceron toda a colaboración municipal para “poder seguir avanzando na posta en valor dos abondosos recursos patrimoniais e arqueolóxicos do municipio”.

Villares e Caramés agradeceron a visita e o interese amosado polos investigadores da USC no patrimonio cervense e gabaron o extraordinario labor desenvolvido por Mariña Patrimonio “que ademais de facer de mediadores coa propia universidade, levan moitos anos realizando un traballo impagable que comparten xenerosamente con toda a veciñanza permitíndonos descubrir aspectos do noso pasado descoñecidos en gran parte; que queremos poñer en valor, dar a coñecer e preservar”.



## O Pleno aproba pedir á Xunta o arranxo da estrada LU-161

O Concello do Valadouro aprobou por unanimidade solicitar á Xunta o arranxo da estrada LU-161, que une o municipio co de Viveiro.

Esta estrada ten o firme bastante deteriorado e ademais soporta moito tráfico pesado. De feito, son moitas as persoas que teñen solicitado o seu amañado xa que se trata tamén dunha arteria importante de tráfico.

O voceiro do PP, José Manuel Lamela, propuxo engadir a moción o amañado da estrada de Alaxe pois o seu estado tamén é moi malo.

Por outra banda, aprobouse por unanimidade a proposta de Udival de arranxar e limpar o camiño de Tanín.

## Celebrarán un casting para un filme o sábado 8 de maio

O Concello do Valadouro acollerá un casting de actores para un filme que se rodará na Serra do Xistral.

Buscan perfís de dous homes de entre 35 e 45 anos, e un de 45 a 60 anos. Non é necesaria experiencia previa na interpretación, tan só será necesario estar disposto durante 10 días para a rodaxe que será en novembro e decembro de 2021 e para os ensaios. A participación non será remunerada.

O casting realizarase o sábado 8 de maio no centro socio cultural Manuel Lourenzo do Valadouro ás 10.00 horas.

Para participara será necesaria previa inscrición antes do venres 7 de maio en probascine@gmail.com ou por whatsapp no teléfono 633 61 64 99 indicando datos de contacto e adxuntando unha foto recente.

## Veciños do Cadramón denuncian o mal estado da LU-P-6305

Os veciños da parroquia do Cadramón, no Valadouro, denuncian o mal estado da LU-P-6305 que dá acceso a algunha vivenda, a montes comunais con gando, aos parques eólicos e ao repetidor de TV.

O partido popular rexistrou un rogo na Deputación posto que necesita un arranxo para polo menos eliminar os enormes baches que ten.

Alguns veciños califican a estrada “de extrema beleza, xa que pasa polo corazón do Xistral. Tanto para os que viven na zona, como a nivel turístico ese arranxo é moi necesario”.

# O novo plan de tráfico suscita a polémica

O novo plan de tráfico executado recentemente polo Concello de O Valadouro, ao que se destinaron 50.000 euros do Plan Único da Deputación suscitou críticas e dúbidas na poboación, polo que os edís do Bng levarán este asunto ao próximo pleno.

Os nacionalistas afirman que este plan de ordenación do tráfico non foi consensuado con ninguén, nin cos grupos políticos municipais nin con ningún colectivo e a nova sinalización instalada ao abeiro deste plan en moitos casos está a crear mais problemas dos que existían coa anterior ordenación do tráfico. “Proba disto, afirma o portavoz municipal Eduardo Chao, é que desde que se instalou a nova sinalización xa se rexistraron tres colisións con sinais verticais, sendo derrubadas estas cando aínda non levamos nin unha semana de Plan”.

50.000 euros para “solucionar” un problema inexistente Consideran que esta actuación é un despilfarro de cartos públi-

cos, pois non está xustificada esta esaxerada inversión para modificar un ordenamento do tráfico co que non había ningún tipo de problema. “Hai moitas mais necesidades moito mais urxentes no concello e nas parroquias para incluír no Plan único ca esta inversión á que ninguén lle ve moito xeito”, afirmou Chao.

O voceiro do Grupo Municipal do PP do Valadouro, José Manuel Lamela, desminte ao alcalde socialista que asegurou que o 90% está conforme co plan de tráfico impulsado polo equipo de goberno en Ferreira. “En tal caso, o 90% está en contra” porque “ao contrario que o alcalde, nós non atopamos nin unha soa persoa á que lle pareza completamente ben”, manifesta Lamela.

O Grupo Municipal Popular manifestou no pleno ordinario da corporación do Valadouro celebrado este luns que “este non é o momento para dirixir 50.000 euros” a un novo plan de tráfico. Nese sentido, Lamela quixo



Unha vista dunha das entradas á vila de Ferreira

afirmar que “non serve de escusa que o alcalde diga que ese diñeiro se debe dirixir a ese proxecto concreto” porque “para recibir os fondos do Plan Único da Deputación o Concello ten que presentar os proxectos correspondentes” e,

polo tanto, “puido solicitar apoios para desenvolver calquera outra iniciativa máis proveitosa para os veciños do Valadouro neste momento no que todos afrontamos unha crise derivada da pandemia da covid-19”.

## Remata a concentración parcelaria en Frexulfe

O conselleiro do Medio Rural, José González, acompañado da directora xeral de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, presidiu a entrega dos preto de 300 títulos de propiedade da concentración parcelaria de Frexulfe, no concello lugués do Valadouro, dando así por rematado este proceso.

Esta parcelaria comprende unha superficie dunhas 120 hectáreas e beneficia a 156 propietarios, que viron como a superficie media das súas parcelas se triplicou coa reorganización deste terreo, ao pasar de case un millar de parcelas iniciais a 300 fincas. Neste proceso, a Xunta investiu case 600.000 euros e grazas a el, manifestou o conselleiro, conseguiu-se aumentar a base territorial das explotacións da zona co fin de que poidan diminuír os seus custos de produción. Ademais, co remate desta zona danse por finalizados os dous únicos procesos de concentración parcelaria neste municipio lugués, os cales supuxeron a reestruturación total de 720 hectáreas propiedade de case 880 veciños.

Esta entrega súmase ás xa realizadas este ano nos concellos coruñeses de Touro, Coristanco e O Pino, nos lugares de Riotorto e Castro de Rei, e no ourensá de Baltar. Ademais, José González anunciou que nas vinde-

ras semanas seguiranse rematando máis procesos de concentración parcelaria, coa previsión de entregar outros 1.550 títulos de propiedade a 684 veciños.

**CONSULTA.** Ademais, cabe sinalar que se pon a disposición de todos os interesados a descarga da representación gráfica xeorreferenciada das novas fincas resultantes da concentración parcelaria na páxina web da propia Consellería (<https://ov-mediourural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/concentraciones-parcelarias-procesos>).

Estes ficheiros descargables, no formato europeo INSPIRE de parcela catastral (GML), poderán ser utilizados para posteriores operacións que necesiten dunha inscrición rexistral. Isto permite dar unha maior seguridade aos datos de ubicación, delimitación e superficie dos predios que sexan obxecto do tráfico xurídico posterior á concentración parcelaria. Deste xeito, dáse cumprimento ao establecido na Lei Hipotecaria e no texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, trala súa reforma pola Lei 13/2015, do 24 de xuño, como sistema de coordinación entre o Catastro Inmobiliario e o Rexistro da Propiedade, facilitando a incorporación da descrición gráfica xeorreferenciada.

## Premio para Manuel Lourenzo



O Teatro Colón da Coruña acolleu a Gala da XIX edición dos Mestre Mateo na que o actor, dramaturgo, director teatral, tradutor e docente Manuel Lourenzo recibiu o premio de honra Fernando Rey, en recoñecemento á súa extensa e prolífica traxectoria e á súa ireemplazable contribución á cultura galega.

## Realizan o sorteo dos primeiros nichos do cemiterio municipal

O Concello do Valadouro fixo un sorteo público para entregar os primeiros nichos e columbarios do Cemiterio Público Municipal.

O ente municipal resérvase a titularidade de dúas filas de nichos para enterramentos de persoas con poucos recursos e inhumacións que ordene a autoridade xudicial.

Logo de realizar as primeiras concesións por sorteo entre os interesados, as seguintes adxudicacións



realizáranse segundo a orde de solicitude e de forma correlativa. Os interesados poden presentar a solicitude no rexistro municipal ou a través da sede electrónica.



## O alcalde reclama ser recibido por Tomé para tratar sobre obras

O alcalde de Xove, Demetrio Salgueiro, volveu solicitar novamente unha reunión co presidente da Deputación, José Tomé, para poder avanzar sobre a reparación das estradas provinciais, "que se atopan nun estado lamentable e son un perigo para o tráfico rodado".

Segundo indicou o mandatario, "levo xa varias reunións pedidas e íanda non me respondeu". Explica Salgueiro que o Concello de Xove tiña subscrito co anterior presidente da Deputación un protocolo de actuación mediante o cal a metade dos fondos para o arranxo destas estradas ían con cargo ao Concello. "Creo eu que somos o único concello da provincia que colabora co 50% do custe do amaño, polo que non entendo porque non podemos seguir avanzando nesta cuestión", afirma.

Lembra o dirixente popular que nun Pleno da Deputación, por acordo do PSOE e o BNG, anulouse este protocolo "algo totalmente incompreensible" e avanza Salgueiro que está disposto a buscar unha solución alternativa "se ese protocolo non lle gustaba".

Demetrio Salgueiro manifestou o seu malestar porque non o reci-



Demetrio Salgueiro, alcalde de Xove

se aínda o presidente da Deputación para tratar este tema. "Levo pedindo unha cita dende hai dous anos cada pouco por vía telefónica e agora xa optei por mandarlle unha carta quincenal", di e explica que foi recibido pola deputada García Porto "pero co presidente aínda non puiden falar".

Considera o alcalde que "é o presidente de todos, sexan da cor política que sexan, polo que deberíamos ter en Xove a mesma consideración que no resto de Concellos xa que vemos que noutros concellos estanse a amañar as estradas e na nosa non, o que me parece unha falta de respecto de cara aos veciños".

**OBRAS EN MARCHA.** Por outra banda, o alcalde avanzou que están a facer obras na estrada que vai de Portocelo a Villalpol, unha obra de gran embergadura que supón o ensanchamento da vía ata os seis metros. Ademais, estase a poñer unha capa de aglomerado en quente.

Ademais, destes traballos, figura tamén a reposición dun muro e as obras de drenaxe e canalizacións. Estas obras teñen un orzamento de máis de 200.000 euros e o Concello espera telas listas antes do verán. A continuación tamén esta previsto acometer as obras en accesos principais aos distintos núcleos da zona, todo elo con cargo ao Plan Único.

### EN BREVE:

**MULTIAVENTURAS.** A Asociación Cultural e Deportiva Xove ten previsto celebrar o domingo 9 unha xornada de actividades de multiaventura dirixida a rapaces dende primeiro de Primaria a segundo de BAC no R-qPark de San Roque, en Viveiro, e as actividades a realizar consistirán en circuitos de árbores, karts a pedais, con competicións e carreiras por equipos. As inscricións estarán abertas ata o 6 de maio e esta poderá realizarse a través da web da asociación, [www.acdxove.com](http://www.acdxove.com). Poden informarse sobre a mesma no 618 976 159.

**EMPREGO.** O Concello de Xove ten aberta a convocatoria para cubrir dúas prazas de coidador na escola infantil municipal mediante o sistema de concurso-oposición. Os postos nos que como requisitos específicos ter o grado en ESO ou equivalente e ter coñecemento da lingua galega e poder aportar o CELGA 2 ou o equivalente debidamente homologado. As persoas interesadas poderán participar no proceso selectivo mediante unha solicitude na Sede Electrónica do Concello de Xove ou de xeito presencial no Rexistro. O prazo para remata el 24 de maio.

## Xove dará axudas de mil euros aos hostaleiros



O alcalde de Xove, Demetrio Salgueiro, anunciou que o Concello destinará un total de 18.000 euros para axudas ao sector hostaleiro castigado pola pandemia da covid, que provocou o peche dos establecementos en varias ocasións. Serán polo tanto 18 as empresas beneficiarias destas axudas, que recibirán unha subvención adicional de mil euros para cada unha. "Sumámonos así, ás postas en marcha pola Xunta de Galicia

dirixidas especialmente á hostalaría". Estas axudas, explica Salgueiro, son complementarias ás que puxo en marcha o Concello hai un mes dentro do Plan de Emprego Municipal e nas que se investiron 70.000 euros. Precisamente estes días, o Concello abriu tamén a quenda de presentación de xustificantes para os beneficiados das axudas Reactiva Xove 2020, que se solicitaron hai seis meses.

## Organizan dous concursos polo Día das Letras Galegas

Como ven sendo tradicional o Concello de Xove organiza para celebrar o Día das Letras Galegas dirixido a toda a mocidade.

Dentro da convocatoria hai dous concursos, un Literario e outro de Artes Plásticas, destinados ambos a todos os nenos e rapaces do Concello, dende infantil de 3 anos a 4º de ESO. Con isto, dende o Concello de Xove preténdese, por unha banda, un apoio á lingua galega, e por outra, estimular á xuventude naquelas artes máis relacionadas cos seus estudos académicos.

Os participantes no concurso literario poden optar libremente por realizar poesía de medida e tema libres, escribir un relato ou conto libre ou facer unha redacción sobre a vida e/ou obra de Xela Arias.

Poden participar nenos e xoves a partires de 1º de Primaria ata 4º de ESO, ambos incluídos. Lóxicamente, os nenos de 4º, 5º e 6º de Infantil están excluídos deste Concurso por razóns obvias.

No concurso de Artes Plásticas poderán facer un debuxo de tema e



composición libre ou un cómic sobre a vida e/ou obra de Xela Arias. A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto co traballo a concursar, na Biblioteca Municipal con data límite 10 de maio de 2021; se por cuestións da covid a Biblioteca pechase ou estivese pechada, a inscrición realizaríase no despacho do Técnico de Cultura en horario de oficina (de luns a venres, dende as 7.45 ás 15:15 horas), tamén con data límite de 10 de maio de 2021. Haberá tres premios (primeiro, segundo e terceiro) por curso para cada un dos concursos. Os premios consistirán en lotes de material escolar cunha valoración de 35 euros.

## Máis de 1.000 vivendas contan con Internet de alta velocidade

Máis de 1.000 vivendas de Xove dispoñen xa de conexión a Internet de alta velocidade proporcionado por Adamo. Pero aínda serán máis, xa que a compañía continuará durante este ano expandindo a súa propia fibra óptica -a máis rápida que existe hoxe no mercado (1.000 Mbps)- no concello. Este atópase localizado na Mariña, zona pola que a empresa está a apostar especialmente.

### APOIO DO CONCELLO DE XOVE.

Adamo conta para este despregamento coa colaboración das autoridades locais e, en particular, do alcalde, Demetrio Salgueiro. Iso quedou de manifesto na presentación do servizo que proporciona o operador de telecomunicacións efectuada por David Llano, responsable de Adamo en Galicia, aos representantes municipais. "Un antes e un despois para moitos veciños"

"Como alcalde, podo dicir que o obxectivo de que Xove puidese dispoñer de conexión de alta velocidade de calidade sempre foi unha prioridade para o Concello. Nese sentido, a chegada de Adamo cumpre perfectamente as

expectativas municipais. Este fito supoñerá un antes e un despois para moitos veciños, que agora poderán dispoñer dun servizo que ata hai pouco víase imposible e que servirá para mellorar a súa calidade de vida, ao poder dispoñer dun bo acceso a Internet, algo que hoxe é case imprescindible. Ao mesmo tempo, posibilitará o asentamento de poboación nos núcleos rurais que, en moitas ocasións, sofren unha perda de habitantes precisamente por carecer de servizo", explicou o rexedor na citada reunión.

Desta maneira, o operador prosegue co seu desenvolvemento en Lugo, provincia na que xa fornece sinal a 50.000 fogares. Entre outros concellos, en Begonte, Cervo, A Fonsagrada, Barreiros ou Foz, así como na parroquia de Celeiro. Este paso en Xove enmárcase na firme aposta da compañía por esta rexión galega, na que instalará Internet de alta velocidade para 26.530 inmobles ao longo de 2021 e 2022. Sumados ás 50.000 actuais, Adamo alcanzará un total que pasa as 76.500 vivendas na súa rede lucense durante os próximos dous anos.



## barreiros

## O Concello busca socorristas para este verán



O Concello de Barreiros aprobou as bases para a bolsa de emprego de socorrismo nas praias municipais durante a tempada de verán.

Os interesados teñen dez días hábiles para a presentación das solicitudes no rexistro do Concello, que ten horario de 9.30 a 14.30 horas, ou a través da sede electrónica ata o 13 de maio.

Para ser admitidas na lista as persoas aspirantes deberán ser maiores de 16 anos, posuír as aptitudes físicas e psíquicas necesarias, ter o curso de salvamento e socorrismo acuático en vigor, así como o de primeiros auxilios e estar inscritos no Rexistro de socorristas de espazos acuáticos naturais da Xunta de Galicia.

## Solicitarán entrar na Rede de Albergues de Galicia

O Concello de Barreiros vén de dirixirse por escrito á dirección da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para solicitar información sobre as condicións de inclusión do Refuxio de Gondán e do Albergue de San Xusto, ambos de titularidade municipal, na Rede de Albergues Públicos de Galicia. Ambas instalacións permanecen pechadas desde a irrupción da pandemia e o inicio do estado de alarma en marzo do ano pasado. Porén, desde a área de turismo, conscientes da importancia do estado no que se atopan as instalacións para a promoción turística do Camiño, iniciáronse os traballos de estudo e valoración do seu estado para incluílas na Rede Pública de Albergues. Desde o departamento de turismo trasladouse ao ente autonómico a necesidade de que "as infraestruturas sexan renovadas e melloradas, tanto pola calidade do servizo como pola




imaxe do Camiño; xa que non só afecta á percepción de Barreiros senón tamén á de Galicia, dada a proxección turística que ten o Camiño de Santiago." Nese sentido, a inclusión do Refuxio de Gondán e do Albergue de San Xusto na rede pública suporía "un paso adiante na promoción das instalacións e melloraría a xestión das mesmas, homologándose ao mesmo tempo a outras instalacións similares de carácter público".

## Aprobado un orzamento de 4,1 millóns de euros

O Concello de Barreiros aprobou os orzamentos para o ano 2021 e que ascenden a 4,1 millóns de euros. Contaron co respaldo do PSOE e o BNG. Segundo explicaron dende o Concello, esta cantidade está fundamentada polo reforzo dos servizos sociais e os básicos para a cidadanía. Así, haberá un incremento do gasto en partidas sociais, con investimento local e doutras administracións

O capítulo de gastos de persoal volverá ser o máis cuantioso do orzamento, co 41% do apartado de gastos. Unha gran parte deste capítulo irá para a ETAP de Celeiro, na que se están realizando axustes xa que Ermida lembra que foi recibida polo goberno municipal anterior do PP pero necesita actuarse nela e facer unha serie de melloras que garantan o seu pleno funcionamento.

A corporación aprobou tamén un recoñecemento extraxudicial de crédito de 170.000 euros co que quedarán abonadas todas as facturas penden-



tes do ano pasado. A alcaldesa, Ana Ermida, insistiu neste punto porque lembrou que xa durante o ano anterior desde o goberno municipal fíxose un esforzo moi importante abonando máis de 600.000 euros que quedarán da época anterior do Partido Popular. O que si rexeitou o goberno local fíxon a creación de axudas directas á hostalaría alegando que o Concello non ten capacidade económica para elo. Si asegurou que se levarán a cabo iniciativas de promoción que repercutirán no sector.

## riotorto

## O Concello reparte as axudas aos hostaleiros afectados pola covid

A Xunta de Goberno local do Concello de Riotorto aprobou as axudas anunciadas á hostalaría local e que consisten nunha subvención directa a cada local de 1.200 euros.

O Concello comezou xa a facer o pago desta axuda coa que se pretende paliar os efectos eco-

nómicos derivados do peche dos locais durante a cuarentena do coronavirus. O alcalde xa anunciara a intención de dar estas axudas deixando o tempo de espera mentres se preparaban as bases.

O obxectivo é chegar a todos os locais hostaleiros e seguindo a liña de moitos outros concellos.



**OBRAS.** O Concello rematou as obras de acondicionamento da Fonte de Folgueirúa que consistiron no embelecemento do lugar e a adecuación dun desaugadoiro. Así mesmo, procedeuse ao aglomerado de 2 km de pista municipal desde Abelleira(Santalla) a Lamas(Vilaseca).

## Veciños de Órrea levan á Valedora os regulamentos da corta de madeira



Vista de Santa Comba da Órrea

A asociación de veciños de Santa Comba da Órrea, en Riotorto, vén de comunicar que presentaron catro queixas diante da oficina da Valedora do Pobo, cada unha delas dirixida respectivamente aos concellos de Riotorto, Meira, A Pontenova e A Pastoriza. Nestas queixas solicítalle a Valedora que medie ante os concellos para que contesten ás alegacións presentadas pola asociación e "non se limiten a dicir se a taxa é legal ou non", din dende a asociación.

Lémbrese que a asociación está convencida de que as persoas pequenas propietarias van acabar pagando 300 euros por hectárea cortada. Ademais, pídenlle que interceda para que a taxa sexa retirada, tal e como esta asociación solicitou reiteradamente, xa que "só vai significar un imposto novo encuberto e vai contribuír ao abandono progresivo do monte coas repercusións económicas e ambientais que iso traería consigo", engaden.

## A Deputación investirá en obras preto de 300.000 euros

O Grupo Socialista avanzou que a Deputación de Lugo realizará un investimento económico no Concello que ascende a un montante total de 296.036, a través do Plan Único.

José García remarca que se realizarán melloras viarias nos accesos a Vilaseca e Ferreiravella. Tamén se executarán melloras nos accesos desde Vilar de Meilán a Espasande de Arriba, así como núcleos de Lorigados e os accesos ao cemiterio de Santa Marta. Con outros 25.000 euros adicaranse ao servizo de Axuda do Fogar para atender aos nosos maiores, e con 59.273 impulsaremos o emprego do Concello. Dentro deste orzamento tamén esta prevista unha partida de 1.500 euros para as actividades das escolas deportivas. O voceiro agradeceu o compromiso do Goberno que preside José Tome coas veciñas e veciños de Riotorto. "A nosa vila precisa de investimentos e proxectos que dinamicen e impulsen as nosas parroquias, máxime nun contexto como o que estamos vivindo coa pandemia do covid. Por iso é moi necesario este investimento no noso Concello para mellorar a calidade de vida de toda a veciñanza", explicou o socialista.



## O Plan Básico Municipal xa está en exposición pública

O Concello de Trabada informa aos seus veciños e veciñas da publicación no Diario Oficial de Galicia da documentación pola que se somete a información pública o seu Plan Básico Municipal.

“A través da aprobación deste Plan Básico Municipal imos a ordenar o noso territorio e apostar por un urbanismo responsable na nosa vila; é unha ferramenta necesaria, pero sobre todo un documento respectuoso co futuro deste concello”, asegura nunha carta enviada aos veciños a alcaldesa, Mayra García.

“Dende un principio, tiñamos moi claro que era prioritario poñer orde urbanístico dentro do noso territorio, a través dun urbanismo responsable e seguro, e sobre todo un urbanismo que dera resposta ao desenvolvemento ordenado da vila; por iso, o 15 de marzo de 2017 aprobamos no pleno da corporación a proposta de Alcaldía para solicitar á Consellería de Medio Ambiente a redacción do Plan Básico Municipal do Concello de Trabada”, explica García.



Mayra García Bermúdez

A alcaldesa engade que “ao longo desta etapa traballamos cóbado con cóbado coa Administración Autonómica para poder contar cun planeamento que ofrezga garantías de desenvolvemento e crecemento ordenado do pobo”.

O pasado, 6 de abril, a vista de que a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda acordou aprobar inicialmente o Plan Básico Municipal de Trabada, a rexedera solicitou colaboración técnica durante o trámite de información pública do

Plan.

Segundo consta no mesmo, durante o prazo de dous meses calquera persoa poderá examinar o documento en horario de oficina, con cita previa nas seguintes dependencias: Concello de Trabada (rúa do Concello, nº 15, 27765 Trabada, Lugo, teléfono 982 13 50 11); ou no Servizo Provincial de Urbanismo da Xefatura Territorial de Lugo (avenida Ramón Ferreiro, 28, 27071 Lugo, teléfono 982 29 43 96). Así mesmo, poderá consultarse o documento a través da seguinte ligazón.

Durante o referido prazo, calquera persoa poderá achegar alegacións no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia ou en calquera dos rexistros e oficinas sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como no enderezo de correo [sxurb@xunta.gal](mailto:sxurb@xunta.gal).

Ademais, o concello organizará diferentes reunións nas parroquias para facilitarlles os documentos a toda a veciñanza.

## Trabada consegue o financiamento para a renovación da rúa Cotarelo

O Concello de Trabada conseguiu unha subvención da Xunta de Galicia para financiar o 70% da renovación integral e a humanización da rúa Cotarelo, un dos viais máis céntricos e con máis tránsito de vehículos e peóns do municipio.

As subvencións, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes, resolvíanse por orde de entrada das solicitudes desde as 00.00 horas do pasado 9 de marzo. A tramitación realizouna persoalmente a propia alcaldesa de Trabada, Mayra García, en só catro minutos, polo que as 00:04 horas estaba presentaba.

Agora, o concello recibe a notificación de que lle foi concedida a subvención de 67.760 euros para unha actuación que terá un orzamento de 121.000 euros e servirá para mellorar o tránsito e a accesibilidade da rúa na que se atopa a única entidade bancaria do Concello, a única farmacia e a única clínica terapéutica.

“Un proxecto moi importante para unha das principais arterias do noso concello, dotando a zona de novos servizos e humanizando a contorna



Plano da rúa Cotarelo

para facela máis habitable, mellorando así a vida diaria dos nosos veciños e veciñas”, explica a alcaldesa.

Ademais, a rúa Cotarelo conflúe no seu inicio coa Rúa do Concello, pola que transcurre o Camiño de Santiago Norte-Ruta da Costa, recentemente declarado Patrimonio da Humanidade; en frente está situado o concello e un espazo público que conta cunha praza, un parque infantil e a Igrexa Parroquial, polo que tamén mellorará a imaxe de Trabada de cara aos turistas e peregrinos.

Na actualidade atópase cun pavimento moi deteriorado, executado

con seccións varias e con dobre sentido de circulación, onde só hai un tramo de beirarrúa nos primeiros metros, na marxe dereita, que tamén se atopa en mal estado.

O proxecto consiste nunha rúa ao mesmo nivel, con beirarrúas a ambos márxenes, un carril de aparcadoiro pola marxe esquerda e un carril de circulación de dirección única. Con estas obras dotarase á rúa de novas redes de saneamento e abastecemento de auga; alumeadado público; canalización de baixa tensión e telefonía; pavimentación da calzada e das beirarrúas, e sinalización vial.

## O Pleno dá luz verde ás axudas á hostalaría

O pleno do Concello de Trabada aprobou un crédito destinado a poñer en marcha un paquete de axudas económicas para a hostalaría e a restauración local, un dos sectores máis afectados pola pandemia da coronavirus.

“No pleno aprobamos inicialmente un crédito extraordinario de 15.000 euros con cargo ao remanente de tesourería para impulsar un paquete de axudas destinadas aos servizos de restauración da vila, que complementarán as medidas que xa puxemos en marcha o ano pasado, para o pago aluguer, co fin de contrarrestar o impacto económico da covid-19”, explica a alcaldesa de Trabada, Mayra García.

Con esta proposta, “habilitaremos un crédito extraordinario, dentro das contas incluídas no orzamento do 2021, co obxectivo de mitigar os efectos negativos que están sufrindo estas empresas e para contribuír a dinamizar o noso tecido económico”, asegura.

Esta contía económica equivale á cota de autónomos anual, e a través dela poderanse subvencionar os gastos derivados desta cota e os seguros de responsabilidade civil, así como diversos subministros correntes (teléfono, luz, auga ou com-

bustible).

Unha vez que o crédito quede aprobado definitivamente, o Concello aprobará as bases reguladoras das axudas.

Na sesión plenaria, aprobouse un suplemento de crédito con cargo ao remanente para financiar gastos urgentes derivados da concesión dunha subvención do IDAE, un organismo que depende do Ministerio de Transición Ecolóxica que financia parcialmente o proxecto de rehabilitación da envolvente térmica nos edificios municipais da Gardería e da Cámara Agraria. Dita financiación ten que ser completada con cargo a fondos propios municipais por importe de 17.378,41 euros.

O pleno aprobou tamén inicialmente a taxa de visita ao Centro Etnográfico José Rocha, que se abrirá próximamente. A entrada individual será de 1,50 euros, gratuíta para menores de 12 anos e dun euro por persoa para os grupos organizados de máis de vinte persoas.

Por último, aprobouse a taxa por utilización da pista de pádel municipal. A tarifa pola reserva da pista de pádel será de 6 euros por 90 minutos. Cando sexa necesario, incrementarase 1 euro a tarifa pola utilización de luz na pista.

## Comeza a renovación do firme na estrada de Augaxosa

Comezaron os traballos de renovación da estrada provincial LU-P-5506, unha vía que une Augaxosa con Trabada. Esta vía discorre polos concellos de Trabada, A Pontenova e Lourenzá, dende o quilómetro 0 ata o 4,1.

A institución provincial inviste 52.500€ nesta vía que percorre os concellos de Trabada, A Pontenova e Lourenzá, e é a principal vía de comunicación deste concello coa capitalidade lucense. Con esta mellora que comeza coa limpeza de cunetas e que, posteriormente executárase o estendido do aglomerado en quente, a vía queda renovada de maneira íntegra.

O presidente da Deputación subliñou que unha liña de actuación prioritaria da Deputación é a mellora da rede viaria, tal e como o Goberno provincial demostra nos Orzamentos do ano 2021, nos que aumentan os fondos para este fin nun 14%, ata chegar aos 16M€. “Cremos que a mobilidade é un dereito máis da cidadanía, e manter en bo estado as comunicacións por estrada é imprescindible para ga-



Máquina na LU-P-5506

rantir a igualdade de oportunidades e o equilibrio territorial, e, polo tanto, para fixar poboación no rural”, insistiu.

Con esta actuación a institución provincial dá reposta a unha demanda histórica dos veciños da zona, que reclamaban a remodelación desta estrada. A LU-P-5506, ademais de ser a vía que conecta con Lugo cidade é tamén moi empregada polos veciños do centro da provincia cara as praias da Mariña, beneficiando deste xeito a milleiros de persoas.



## A Deputación comeza obras en catro estradas provinciais

Comezaron as obras de mellora de catro estradas provinciais no Concello de Oourol. Unhas actuacións nas que a institución provincial inviste 255.000€.

As obras consisten na limpeza de cunetas, drenaxe e estendido de aglomerado en quente e teñen como obxectivo reparar os estragos causados pola construción do Parque Eólico Pena Ventosa. Por un lado, mellorárase a LU-P-6602, que vai de Rúa Nova a Muras, e que dá servizo á veciñanza que ten gando na Serra do Xistral e tamén ás empresas que realizan o mantemento dos parques eólicos da zona. Neste caso vaise arranxar medio quilómetro, dende o punto 18,550 ata o 19,095.

Neste Concello, tamén se vai arranxar a LU-P-3805, que une os núcleos Sixto con Campo do Foxo, en dous tramos: o que vai do quilómetro 0 ata o 1 e do 11,240 ao 14,917. Esta vía provincial comunica as parroquias de Bravos, Ambo-

sores e Sixto.

A terceira estrada é a LU-P-6406, que vai dende Cristo da Portapena ata Ponte Segade. Neste caso, son os 200 primeiros metros de vía, que presenta estragos. Amañárase tamén a LU-P-3808 de Foxo a Portapena, nun tramo de case 3 quilómetros, entre os puntos 0 e 2,67. O prazo de execución previsto para o conxunto das actuacións é de 6 meses.

**PLAN ÚNICO.** O Concello de Oourol adxudicou as obras incluídas dentro do Plan Único da Deputación da anterior anualidade. A empresa Construciones e Carreteras José Saá resultou gañadora do concurso, que ten un importe de 171.194,79 euros.

O alcalde ourolés, José Luis Pajón, espera que as actuacións comencen en breve. O goberno local continúa incluíndo o arranxo de viais en diferentes plans para tratar de dotar de infraestruturas viarias adecuadas aos seus veciños.

## O Concello asinará un convenio de colaboración co Catastro

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, reuniuse co alcalde de Oourol, Luis Pajón, na Casa do Concello co que, entre outros asuntos, tratou sobre a colaboración deste municipio coa Dirección Xeral do Catastro.

Isabel Rodríguez anunciou que no mes de abril, o Concello de Oourol e a Dirección Xeral do Catastro formalizaron un convenio de colaboración, co que os veciños deste municipio da comarca da Mariña terán máis facilidades para o acceso a información e tramitacións relacionadas co Catastro.

A subdelegada felicitou ao alcalde de Oourol pola iniciativa que, sen dúbida, redundará en beneficio dos veciños pois o Concello daralles apoio á hora de realizar trámites en materia catastral.

Coa sinatura deste convenio,



O alcalde de Oourol e a subdelegada do Goberno

Oourol incorpórase á lista de municipios da provincia que manteñen acordos de colaboración coa Dirección Xeral do Catastro. Os concellos que xa manteñen este tipo de convenios son Lugo, Monforte de Lemos, Viveiro, Cervo, Chantada, A Fonsagrada,

Foz, O Incio, Lourenzá, Monterroso, Palas de Rei, Ribadeo e Burela. En total estes trece concellos contan con un parque inmobiliario composto por 212.035 inmobles, que supoñen algo máis da metade do total da provincia.

## O Concello adxudica as obras da tirolina de Boulloso

O Concello da Pontenova adxudicou as obras de construción dunha tirolina de 330 metros de lonxitude que unirá a mina Consuelo e o forno Boulloso. A Deputación aprobou o ano pasado un convenio de colaboración entre as dúas entidades para esta obra, que ten un orzamento de 317.605 euros. Desta cantidade, a Deputación achega 300.000 euros e o Concello a parte restante. Esta iniciativa recupera o trazado das vagonetas que transportaban o mineral.

A intención do equipo de Goberno e que as obras podan dar comezo no mes de maio.

Por outra banda, tamén foron adxudicadas as obras de mellora da rede viaria en Candaedos e Souto de Mogs, traballos que corresponderán á empresa Isidro Novo e que teñen un orzamento de 135.233,74 euros e un prazo de execución de tres meses.

Tamén no relativo a estradas, estanse a limpar varias pistas en Rececen-de. Finalmente, o Concello rematará este mes a construción dun depósito de auga en Goios, destinado á loita contra incendios.

Como explica o alcalde, Darío Campos, trátase dunha obra moi demandada polos veciños.

## Inmortalizan as troitas de ouro no paseo do río



Unha das pedras homenaxe colocadas no paseo río

O día 1 de maio o alcalde da Pontenova, Darío Campos, inaugurou as primeiras pedras que adornan o paseo do río e que están adicadas a Luis Moirón e Joaquín España.

A estes pescadores se lles concedeu a troita de ouro este ano a título póstumo, aínda que non se puido celebrar a festa.

A idea é que, nos vindeiros anos vaiase completando o paseo cos homenaxeados ao longo da historia da festa da troita, tanto aqueles que foron troita de ouro coma aos pregoeiros da propia festa.

Ademais, iranase poñendo ano a ano e nas vindeiras edicións máis

pedras para ir completando o paseo.

Estes bloques están colocados no paseo fluvial que hai a carón do río Eo, un roteiro que atravesa A Pontenova de 2 quilómetros, e están van colocadas nos pasamáns.

Por outra banda, o CIT, centro de iniciativas turísticas da Pontenova alertou de que o río segue cunha deficiente limpeza e que a maleza está a acumularse o que xera situacións perigosas para a recuperación da fauna xa que as bolsas de auga acumuladas poden soltarse bruscamente e formar problemas río abaixo.

## Renovarán a estrada que vai ao lugar de Aldeguer



A mellora farase en case cinco quilómetros da estrada LU-741

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade investirá 334.500 nas obras de reforzo do firme na estrada LU-741, que comunica o núcleo da Pontenova co lugar de Aldeguer (onde conecta coa estrada provincial LU-P-1904). A mellora executarase en toda a lonxitude da vía, de 5,13 quilómetros. Os traballos, licitados recentemente, teñen un prazo de execución estimado de seis meses. As obras incluírán a execución de fresados localizados e reposición do firme con mestura bituminosa en quente a carril completo no treito

urbano da Pontenova. A partir dese punto e ata o final da estrada de titularidade autonómica en Aldeguer dotarase a vía dunha nova capa de mestura bituminosa en quente en todo o ancho da plataforma e en todo o percorrido. Posteriormente renovarase a sinalización horizontal. Arias explicou que a actuación está incluída nun contrato de reforzo do firme en tres estradas autonómicas, que tamén contempla melloras na LU-636 ao seu paso por Becerreá e na LU-546 -entre Nadelá (Lugo) e Maceda (O Corgo) e na travesía de Sarria.



# O Concello iniciou estes días as obras do Plan Único do ano pasado

O alcalde de Alfoz, Jorge Val, indicou que o Concello está á espera dos permisos de Augas de Galicia que lles permitan iniciar as obras de reposición da ponte de Guilifonso. Esta ponte foi derrubada durante un temporal por unha enchente. Naquel momento a ponte quedou totalmete destruída e o obxectivo agora é a súa reposición dende o inicio.

As obras de construción teñen un orzamento de 100.000 euros e en canto estea o permiso licítaranse as mesmas.

Por outra banda, tamén anunciou que estes días deron comezo as obras correspondentes ao Plan Único do 2020, pero foron retradas ata este momento por cuestións climáticas.

As obras consistirán na reposición do firme e amaño de camiños nas parroquias de Caballido, Adelán e

Lagoa, entre outras. Así mesmo, en próximas datas licítaranse as obras correspondentes ao Plan Único desta anualidade.

Así, o proxecto reparte os cartos en catro eixes principais. Por unha parte hai un grupo de traballos baixo o epígrafe de alumeados. Son obras e instalacións necesarias para dotar de alumeado público varios barrios localizados en distintas parroquias do Concello. En todos os casos trátase de ampliacións ou reformas en instalacións existentes. Ademais, nalgúns outros casos trátase de unificar unidades co fin último de baixar o número de contratos de subministración.

As localizacións onde se farán son Gatofero, A Grela, O Rizal, A Cruz e Pazos (na Lagoa); Acivro, Faián de Abaixo, A Croa e Rozas (O Pereiro); Río das Donas, na parroquia de Oi-



Fochancas abertas na ponte de Guilifonso e en Pereiro

ras, As Leas, Canaledo e O Castriellón, en Baco; Barral, Santa Mariña, Correlos e O Liñar (A Granda), en San Pedro de Mor e A Orden, en Adelán.

Así mesmo, continuarán con traballos de pavimentación de accesos a varios núcleos rurais como Vao, A Grela, Correlos, Couto de Abaixo, A Lama, A Nespereira, Canadouras e A Cabanela.

Otra das obras previstas é a rehabilitación da Fonte da Grela, onde se realizarán traballos de rehabilitación e restauración da fonte. Trátase dunha edificación que orixinariamente ten sido unha

fonte pública, que nos anos setenta converteuse nun lavadoiro veciñal. Nesa época cubriuse o espazo colindante coa fonte e habilitáronse catro lavadoiros.

A última partida irá destiñada para equipamento para o centro social xuvenil e da terceira idade. A intención é a adquisición de mobiliario para a Biblioteca Pública de Alfoz, nova iluminación para o escenario do salón de actos para o que se adquirirán vinilos e estores. Tamén se realizará a renovación de luminarias do centro social e a substitución de fluorescentes por led.

# O PP critica a decisión do Goberno local de subir as taxas

O voceiro do Grupo Municipal do PP de Alfoz, Jacobo Geada, lamenta que “o goberno local non teña proxecto de futuro para Alfoz” porque, tal e como demostran as súas accións de goberno, “só sube as taxas aos veciños” que afectan “á súa capacidade económica” nun momento de especiais dificultades debido á crise derivada da pandemia e para a que “o goberno local non propuxo ningún tipo de medida de apoio aos afectados”.

Así o explica o popular tras coñecer que no pleno do vindeiro venres se debaterá a aprobación dunha nova ordenanza reguladora das taxas por servizos urbanísticos do Concello de Alfoz a proposta do equipo de goberno municipal. Isto suporá, segundo explica o voceiro do PP, “un desproporcionado incremento das taxas polos servizos técnicos e administrativos que deba realizar o Concello relacionadas con construcións, obras ou instalacións que os veciños queiran executar”.

O portavoz popular explica que “xa votamos en contra desta proposta na comisión especial de ordenanzas” e avanza que “dende o Grupo Municipal Popular volveremos a opoñernos á súa aprobación no pleno do venres por ser prexudicial para os veciños”.

Geada deixa clara, deste xeito, “a desconformidade do Grupo Municipal Popular coa suba de taxas e impostos”.

Geada engade que “esta non é a primeira vez que o goberno local sube as taxas municipais. Xa o fixo coa taxa por expedición de documentos administrativos e outros servizos, coma certificados ou copias, que foi aprobada no pleno do 25 de setembro do 2020 tamén co voto en contra dos concelleiros do PP”.

**PROPOSTAS NO PLENO.** Os concelleiros do PP de Alfoz critican “a falta de interese total do goberno municipal por desenvolver políticas para favorecer o asentamento da poboación no noso concello, ao rexeitar todas as propostas plantexadas polos populares no pleno.”

“Vemos como Alfoz vai perdendo poboación e os veciños que quedan teñen que afrontar a suba de taxas coas que manter as arcas municipais; pero, pola contra, o Concello non incrementa o investimento con fondos propios”. Así o manifestan trala celebración do pleno extraordinario deste venres no que o goberno local aprobou os orzamentos co voto en contra do PP.

# Convocado o Concurso de Fotografía Alfoz en primavera

A Concellería de Turismo do Concello de Alfoz convoca o Concurso de Fotografía Alfoz en primavera que está aberto a toda persoa non profesional da fotografía que desexe participar.

Establécese unha única categoría na que poderán participar a partir de 16 anos. Cada fotografía presentada deberá amosar a riqueza de Alfoz, ven sexa dos espazos naturais de interese, de lecer, culturais, ou do patrimonio monumental, arqueolóxico e etnográfico.

É obrigatorio que o lugar ou entorno sexa do Concello de Alfoz e como tal sexa recoñecible. Non se admitirán aquelas fotografías que non cumpran este requisito.


Cada concursante poderá presentar un máximo de 2 fotografías na Oficina de Rexistro Municipal ou por correo electrónico a turismo@concellodealfoz.com e deberá ser antes do 31 de maio de 2020. Ao remate do prazo de presentación



establecido, publicarase na web do Concello o listado de pseudónimos participantes no concurso e os títulos das respectivas obras.

Establécese unha única categoría á mellor fotografía cos seguintes premios, que poderán ser declarados desertos. Haberá un primeiro premio de 300 euros, un segundo de 200 e un terceiro de 150 euros, ademais recibirán un diploma.

# Alfoz crea unha app para xeolocalizar e explicar os roteiros do municipio



Unha forma cómoda de facer os diferentes roteiros de sendeirismo de Alfoz é a través da app Camiños de Alfoz, con este pretexto, o Concello puxo en marcha una app para que desde o teléfono podan seguirse as indicacións por GPS máis comodamente.

Coa app Camiño de Alfoz terase na man os roteiros de sendeirismo relativos a este concello, poderase levar un control do percorrido e ademais coñecer interesantes características do lugar que se percorre. Inclúe posicionamento GPS do usuario no roteiro, puntos de interese, historia do Concello, e un longo etcétera.

Ademais, na web municipal, <https://www.concellodealfoz.com>, na sección de rutas hai tamén información sobre as mesmas.

# A ITV de ciclomotores estará en Alfoz o 21 de maio

A unidade móbil de inspección técnica de ciclomotores estará o 21 de maio no Concello de Alfoz, para atender a todos os veciños do termo municipal. A unidade estará situada na entre o polideportivo e a piscina.

Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web [www.sycity.com](http://www.sycity.com).





## vegadeo

## Educación compromete obras de mellora no colexio Jovellanos

A comunidade educativa vén denunciando nos últimos meses innumerables deficiencias no colexio Jovellanos de Vegadeo que van desde pingueiras nas aulas e o comedor ao desprendemento do falso teito do ximnasio.

Debido a isto, a dirección xeral de Planificación Educativa mantivo un encontro co alcalde de Vegadeo, César Álvarez, a dirección do centro e a anpa, na que lles comunicou que o Principado poñerá en marcha a primeira fase da rehabilitación do centro de ensino de educación Infantil e Primaria.

O Consello Escolar urxía unha solución ao Consistorio e ao Principado para que a comunidade educativa poida desempeñar as súas funcións "con seguridade e salubridade". O Consistorio aprobou en xaneiro un plan de medidas urxentes por valor de 9.600 euros para a reparación dalgún canlón, actuar no teito do ximnasio e intervir nos aleróns de formigón e na fachada. Con todo, Álvarez expuxo á Consellería de Educación a necesidade de que o Principado redactase un proxecto integral de rehabilitación cun cronograma de investimento.

## Presentan 150 alegacións ao parque eólico de Folgueiras

O parque eólico Folgueiras, sometido a información pública, recibiu máis de 150 alegacións individuais e de colectivos por incumprimentos do proxecto respecto á normativa vixente.

Este novo proxecto prevé a instalación de seis aeroxeradores de seis megawatts nos concellos de Vegadeo e Taramundi, así como unha liña aérea de alta tensión de vinte e seis quilómetros de lonxitude.

Nas alegacións destacan que o parque mencionado "está a ser fraccionado irregularmente".

Ademais, varias entidades de po-

boación, como Folgueiras e Castromourán, en Vegadeo, e Leiras, en Taramundi, atópanse a menos dun quilómetro dos aeroxeradores, polo que se aseguran que se incumpren as directrices sectoriais de ordenación do territorio para o aproveitamento da enerxía eólica. Nas alegacións solicitan que non se autorice a instalación do parque e se paralice o resto que hai en tramitación para facer unha adecuada planificación. Segundo informou o alcalde, César Álvarez, actualmente hai cinco proxectos en tramitación que afectan ao municipio.

## lourenzá

## Lourenzá celebra o Día das Letras Galegas cun recital poético



**DESBROCES.** O Concello de Lourenzá está inmerso nas tarefas de desbroce e limpeza de diferentes lugares do municipio, nesta ocasión tocoulle aos accesos a Soutelo.



O Concello de Lourenzá celebrará o Día das Letras Galegas o 23 deste mes, domingo, cun recital poético e un concerto da Banda de Música de Lourenzá.

A alcaldesa, Rocío López, anuncia que "o domingo 23 de maio celebramos o Día das Letras Galegas coa lectura das poesías premiadas no concurso convocado polo Concello e un concerto da Banda de Música de Lourenzá. O acto terá lugar as 13:30 horas no quiosco da música do Cantón. Ademais os membros do coro da escola de música recitarán poemas de Xela Arias, escritora a que este ano se dedica o Día das Letras Galegas".

## Lourenzá celebrou o tradicional Maio cunha exposición



O Concello celebrou o tradicional Maio o día 1, cunha exposición na praza do Conde Santo. Este ano, por mor da pandemia, fíxose dun xeito un pouco diferente e non houbo o percorrido habitual polas

rúas da vila. Como alternativa e en recordo a esta festividade doutros anos o Concello colocou na praza uns Maios estáticos e unha exposición fotográfica en lembranza a edicións pasadas.

## o vicedo

## O Fuciño do Porco contará con novos aparcadoiros

Tralo recente aumento de visitantes ao Fuciño do Porco, o Concello do Vicedo comunicou que se atopan en tramitación dous proxectos de aparcadoiros, un por parte do Concello e outro de iniciativa privada que terá 5.300 metros.

O Concello do Vicedo leva tempo tratando de habilitar outra zona de aparcadoiro de 5.500 metros cadrados na que o principio estimábase que habería 180 prazas, "pero co POL, Plan de Ordenación do Litoral, haberá que baixalas a 140", di o alcalde Jesús Novo, "xa temos consensuado con Costas todo e no verán do 2022 poderase comezar a súa construción". Este novo estacionamento será



en terrazas, pois os acantilados e a orografía da zona non permite que sexan doutra maneira. Desde o aparcadoiro existente ata o punto de control de acceso hai un paseo duns 20 minutos.

## O Vicedo e Portomarín comezan unha campaña turística conxunta

O Fuciño do Porco do Vicedo conta desde agora cunha campá que foi colocada como parte dunha iniciativa de promoción turística impulsada conxuntamente polos concellos do Vicedo e Portomarín. Así, o novo elemento instalado, procedente dun barco pesqueiro, irá acompañado dunha placa que advirte de que aqueles que toquen a campá adquiren a "obriga" de visitar Portomarín. Neste municipio xa hai outro sino idéntico que anima a ir ao Vicedo.

Esta singular iniciativa ten como obxectivo incentivar o tránsito de visitantes entre os dous concellos, entre o interior e A Mariña. Ás veces, lembrou, "ideas aparen-



Alcaldes do Vicedo e Portomarín

temente sinxelas, son capaces de provocar movementos inesperados pola súa dimensión. Estamos a ver exemplos tódolos días. Oga-

llá que esta colaboración se faga viral e esperte a curiosidade de moita xente", apuntou o delegado Territorial, Javier Arias.



# DEPUTACIÓN

## O Pleno pide que os concellos xestionen o 15% dos fondos covid

Presentarán alegacións á solicitude de que se oficialice o nome Ría del Eo

A Deputación de Lugo reclamará á Xunta de Galicia que os concellos xestionen o 15% dos fondos de axudas para paliar os efectos da Covid-19, logo de que as entidades locais se viran na obriga de asumir competencias impropias durante a pandemia como a desinfección de centros educativos. Así se decidiu na sesión ordinaria do Pleno provincial do mes de abril, que se celebrou este martes, tras a proposta presentada polo grupo socialista.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, defendeu que “a loita contra a Covid ten suposto para os concellos atender novas necesidades da veciñanza nun contexto de incerteza e dificultade, no que ao devir sanitario foise sumando o impacto socioeconómico da pandemia”. “A Xunta de Galicia non deixou de esixir aos concellos que asumisen compe-

tencias impropias tan custosas como a desinfección dos centros de ensino ou que controlasen medidas excepcionais como o toque de queda ou as limitacións á mobilidade, sen ter en conta as dimensións reais dos cadros de persoal da Policía Local ou Protección Civil”, manifestou a Deputada. García Porto amosou o apoio do Goberno da Deputación a petición da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para que as entidades locais xestionen unha porcentaxe dos fondos Covid e apuntou que “a Xunta ten uns orzamentos de 11.500M€.

Aprobouse tamén no Pleno unha proposta do Goberno provincial para adherirse á Rede de Gobernos Locais pola Biodiversidade, unha sección da FEMP que aglutina pobos comprometidos co desenvolvemento sostible e a protección da diversidade de

especies nos diferentes ecosistemas. A actividade da rede está dirixida ao impulso de políticas de conservación e incremento dos recursos naturais, á mellora do medio hídrico e da conectividade ecolóxica.

**RÍA DE RIBADEO.** A Corporación provincial tamén aprobou por unanimidade a proposta do Goberno para que a Deputación presente alegacións á solicitude do Principado de Asturias para que se oficialice o nome Ría del Eo, algo que vai contra a oficialidade do topónimo Ría de Ribadeo, que é o nome empregado historicamente para denominar a ese enclave.

Así mesmo, quedou aprobado instar á Xunta de Galicia a ter unha posición unánime e de defensa á toponimia oficial e dar conta destes acordos ao Goberno do Estado.

## Abre o prazo para pedir os bonos Impulso

Xa está aberto o prazo para que os establecementos da provincia interesados podan adherirse aos Bonos Impulso dentro do Plan de Impulso da Economía da Provincia, coa que a institución provincial inxectará máis de 1,5M€ no comercio e na hostalería da provincia.

O Boletín Oficial da Provincia (BOP) publicou as bases do programa, abríndose un prazo de 15 días hábiles para que se anoten os establecementos interesados en participar. Poden adherirse todos os pequenos comercios, locais de hostalería e hospedaxe, sempre que desenvolvan a súa actividade en calquera dos 67 concellos da provincia. Non existe límite de establecementos, polo que todas as empresas e autónomos do sector poderán participar, tendo en conta que non se poderá canxear lotaría, bebidas alcohólicas non alimentarias nin tabaco.

Na páxina web da Deputación habilitase un espazo específico e visual onde os negocios poderán cumprir un formulario sinxelo para formalizar a adhesión. Así mesmo a institución provincial habilita o teléfono 982.260.204 e o enderezo electrónico bonoimpulso@deputacionlugo.org para calquera dúbida que poida xurdir durante o proceso ou sobre o programa.

Unha vez rematado o proceso de inscrición, a institución provincial publicará a listaxe de establecementos participantes e faralle chegar a cada local admitido un indicativo da súa adhesión no programa. Un cartel que deberá colocar nun lugar visible, facilitando así que a veciñanza saiba en que establecementos poderá canxear os Bonos Impulso.

A Deputación porá a disposición da veciñanza da provincia un total de 17.000 Bonos Impulso.

## Catorce itinerarios dan a coñecer esta primavera o románico lugués

A Deputación de Lugo esgotou nun tempo récord de cinco días as 112 prazas das 14 rutas que programou para conmemorar o Día da Transrománica, este vindeiro domingo, 9 de maio. As persoas interesadas en participar nalgunha das propostas, unicamente poden acceder ás prazas de reserva restantes. Dende a Deputación destacou o éxito da iniciativa impulsada pola institución provincial, coa que “buscamos poñer en valor entre a propia veciñanza, o patrimonio da provincia e favorecer o turismo de proximidade, algo especialmente importante e necesario para facer fronte ó impacto da pandemia”.

As persoas que teñen reservada a súa praza poderán coñecer a Catedral e casco histórico de Lugo; a Igrexa de Santa María de Pesqueiras e Santa María de Nogueira de Miño, en Chantada; a Igrexa de San Xoán da Cova, en Carballedo, ou San Paio de Diamondi, no Saviñao, entre outros. Ademais, inclúese unha visita á igrexa de Santa María, en Meira, e á Basílica de San Martiño de Mondoñedo, en Foz.

García Porto celebrou “a boa acoillida desta iniciativa na que participamos por primeira vez e coa que



Momento da presentación dos itinerarios

agardamos que os veciños e veciñas de Lugo se convertan nos mellores embaixadores do noso patrimonio”. “Estas actividades impulsadas pola Deputación de Lugo van en liña coa nosa aposta: un turismo de calidade, non masificado e de proximidade”, destacou a Deputada.

Estas 14 propostas realízanse en consonancia cos restantes membros da asociación Ruta Transrománica alcanzando os recursos patrimoniais unha proxección internacional. Así mesmo, durante a xornada, García Porto participará nun audiovisual no que se darán a coñecer todos os membros da Ruta Transrománica

gravado ante a igrexa de San Xoán ou San Nicolás de Portomarín, e no que invitou a visitar as 10 igrexas incluídas en dita ruta da provincia de Lugo cando a situación sanitaria mellore. A Ruta Transrománica está recoñecida oficialmente co selo de Itinerario Cultural do Consello de Europa e trátase dunha das principais rutas culturais paneuropeas. Está integrada por rexións de 9 países da Unión Europea -Austria, Alemaña, Francia, Italia, Romanía, Portugal, Serbia, Eslovaquia e España- e aglutina un conxunto de monumentos románicos, moitos deles declarados Patrimonio da Humanidade pola Unesco.



A primeira actividade foi un curso de iniciación aos cogomelos

## O programa Actívate fará actividades en 18 concellos

Presentouse o programa Actívate, unha iniciativa vencellada ao turismo activo, científico e mindfulness que se celebrará as fins de semana de maio e xuño ao longo de 18 concellos da provincia de Lugo. Este programa nace co obxectivo de dar a coñecer os recunchos de toda a provincia a través de propostas diferentes para realizar en familia, con amigos ou sós. Este novo programa dará prioridade á participación da veciñanza lucense, que poderán realizar actividades como a iniciación aos cogomelos de primavera ou barranquismo, que se celebrarán o 1e 2 de maio, pero tamén actividades de sendeirismo, de montaña, surf ou Tai Chi e ioga. Tamén está previsto que

se realice unha actividade nocturna de observación dos ceos no concello de Muras. Todas serán gratuítas. As persoas interesadas en participar nas dúas primeiras actividades xa poden inscribirse na páxina web <http://inscricions.deputacionlugo.org/gl/tema/activate>. Para máis información enviar un correo electrónico a [atuaprovincia@deputacionlugo.org](mailto:atuaprovincia@deputacionlugo.org) ou poden chamar aos teléfonos 982 260 011 ou 982 260 234. As inscricións ás seguintes actividades abriranse progresivamente todos os martes, con 10 días de antelación, ata completar o calendario. As actividades levaranse a cabo os sábados e domingos dos meses de maio e xuño.



## DEPORTES

### Cervo acollerá un curso de taiji quan e outro de iado en maio

O sábado 22 de maio impartirase un Curso Nacional de Taiji Quan FEKM no polideportivo de San Cibrao, que estará a cargo do director nacional, Miguel Ángel Rojo Darriba. No curso traballárase a forma de lanza: 16 Taiji Qiang. E o horario previsto é de 10.30 a 14.00 horas. É obrigatoria a inscrición previa e o cumprimento das medidas anti covid especificadas no protocolo. Tamén se retransmitirá on line a través de zoom. Os interesados en ter máis información poden poñerse en contacto no 670 249 554 ou no correo info@taiji-quan.es. Por outra banda, o pavillón municipal da Veiga acollerá para o 26 de xuño, entre as 10.30 e as 13.30 horas, un novo curso de iado a cargo de Miguel Ángel Rojo Darriba. O curso está organizado pola Asociación Galega de Iado e Jodo e os interesados en participar poden poñerse en contacto coa organización no teléfono 670 249 554.

### Vanessa Ares representa a Galicia no Campionato Nacional de Kickboxing

A focense Vanessa Ares levará a bandeira da Mariña ao Campionato Nacional de Kickboxing que se celebrará entre os días 14 e 16 de maio en Guadalaxara. A deportista, que participa na categoría de menos de 60 quilos pasou o pasado domingo as probas da xornada de selección celebrada en Ourense, de onde saíron tres representantes autonómicas que competirán a nivel estatal. Antes de isto, Ares conseguiu levarse o mes de marzo o campionato galego, un título que xa conseguira no ano 2018 e 2020. A campioa afirma que para ela “isto é un hobby, a min preguntárame se vivo de isto. É moi difícil vivir do deporte e sobre todo dun deporte individual coma este”. Vanessa ata dubidou en se participar na competición este ano tan sin-

gular, “case non tivemos tempo a adestrar, non sabía se competir ou non, pero como levamos a un rapaz do club, animeime”. A boxeadora conta co incondicional apoio de Ismael Entrena, que a axuda a prepararse para os campionatos e a levar o club que fundou no seu pobo, o Ari Foz Contact, que conta con 25 licencias federadas. “Agora para os nacionais tereime que preparar con Ismael. O día antes do galego estiven arbitrando todo o día e cheguei á competición moi cansada. Aínda así foi moi ben e gañei os tres asaltos”, comenta. Os éxitos de Vanessa Ares son moi recoñecidos na Mariña, pero sente que “teño que esforzarme o dobre para demostrar que podo facer o mesmo que un home. Este é un deporte no que hai anos non



Vanessa Ares está a conseguir unha boa traxectoria

tiñan cabida as mulleres, eu tiven moitos problemas, machacáronme moito por iso e eu só estaba a facer deporte. Teño chegado a casa chorando, pero eu non tirei a toalla eu tivenme que sacrificar e senón o fixera hoxe en día non tería tres campionatos”. Malia isto, sente moito agradecemento polo Concello de Foz, “sintome moi arroupada por eles, dende a primeira vez que lles ofrecín organizar a Velada de Kickboxing, animáronme a montar o club e apoiáronme sem-

pre en todo. Tamén foi moi importante a axuda da Federación, non teño palabras para describir como se portaron comigo”. A focense anima a que calquera muller pode subirse a un ring, “as mulleres poden pelexar e poden facer un adestramento físico do mesmo xeito que o pode facer un home, eu animo a tódalas aquelas rapazas que queiran facelo a que o fagan e non pensen no que dirán. Necesitamos máis igualdade e apoiarnos máis entre nós mesmas”.

### Chega á Mariña o I Half Triatlón

O Concello de Ribadeo acollerá o I Half Triatlón Ribadeo que se celebrará o día 15 de maio. A proba é puntuable para o Ranking Nacional de Triatlón de Media e Larga Distancia e contará coa participación de máis de 500 atletas. A saída terá lugar ás nove da mañá da praia dos Bloques. As inscricións pódense realizar en [www.halftriatlonribadeo.com](http://www.halftriatlonribadeo.com). É unha proba de carácter nacional polo que se espera tanto público como atletas de toda España. Consiste nunha proba de triatlón de distancia media-longa. Hai dúas modalidades: unha que son mil metros nadando, corenta quilómetros en bicicleta e dez correndo; e ou-

tra que é o dobre, dous mil metros nadando, oitenta quilómetros en bicicleta e vinte de carreira a pé. As probas de natación desenvólense na praia de Os Bloques. O circuito ciclista sobe pola zona de Santa Cruz ata chegar ás proximidades de Trabada e a carreira a pé é toda pola zona do casco de Ribadeo chegando ata o Faro e volta. A organización do I Half Triatlón Ribadeo precisa da colaboración de 150 voluntarios para o desenvolvemento da proba o vindeiro 15 de maio. Desde a Área de Deportes do Concello solicitan “a colaboración de todas as entidades deportivas, clubs e asociacións ou voluntariado en xeral.



### Clubs de atletismo únense para reclamar unha pista comarcal



Reunión dos representantes do atletismo en Foz

Foz acolleu unha nova reunión dos representantes de todas as entidades deportivas da comarca da Mariña vinculadas ao mundo do atletismo e as súas diferentes modalidades. Todos os clubs mariños presentes nesta xuntanza decidiron, sen excepción, unir os seus camiños e esforzos para que a comarca da Mariña conte, a non moito tardar, cunhas pistas de atletismo. Deste xeito, as seguintes entidades: Club Atletismo Ría de Foz, Club Atletismo Ribadeo, Club Atletismo Lourenzán, Club Atletismo Burela, Club Deportivo Ego Barros Viveiro, Peña Lar Viveiro, Toxiza Clube de Montaña e S.D. Albións A Pontenova asinaron un manifesto onde expoñen, de xeito razoado

e argumentado, a súa solicitude e instan ás diferentes administracións (Concello de Foz, Deputación Provincial de Lugo, Xunta de Galicia e Federación Galega de Atletismo) a que traballen, de xeito real e decidido, para facer posible a creación dunhas pistas de atletismo na comarca da Mariña. O manifesto abre co titular *A Mariña unida por unhas pistas de atletismo* recollendo dúas premisas ben certas: “A comarca da Mariña precisa, de xeito prioritario, dunhas pistas de atletismo e esta necesidade fai que diferentes entidades deportivas, vinculadas ao mundo do atletismo e as súas diferentes modalidades, unan os seus camiños para facer posible esta demanda”.



**HOMENAXE.** O Concello burelés fixo un acto de recoñecemento á atleta local Lidia Balseiro, que quedou campioa Galega de 1000 metros sub12.

### Nova medalla para o club Ría de Foz

O club de atletismo Ría de Foz participou no Campionato Xunta de Galicia 10.000 ml Memorial Alejandro Gómez celebrado en Noia no que conseguiu unha prata. Neste campionato absoluto, que serviu para homenaxear por primeira vez a memoria do gran atleta Alejandro Gómez, representou as cores focegas Simón Río. A carreira foi dunha enorme valentía, posto que comandou a proba desde as primeiras voltas e despois dun esforzo titánico cruzou a meta na segunda posición.



# O Pescados Rubén FS revalida o título de Copa da Raíña

O Pescados Rubén Burela FS volveu acadar o título da Copa da Raíña imponéndose ao Torreblanca Melilla por 1-3 nun partido xogado nas Rozas. O Torreblanca ascendeu este ano a 1ª División e buscaba estreir o seu palmarés.

Este é o cuarto título de Copa e o terceiro que o conxunto burelista consegue de forma consecutiva, esta vez adestrado por Iván Cao e cos goles de Leti e o dobrete de Dany.

O partido comezou tranquilo para adiantarse no minuto 8 por mediación de Leticia M. Cortes cun pase en profundidade de Jane Marqués e que tocou na xogadora do Melilla Fabi.

A menos dun minuto do descanso Dany marcou o segundo gol cun disparo cruzado que pasou por debaixo de Sara.

Trala volta do descanso, a hispano-brasileira Dany cazou un saque das melillenses para convertelo en gol e así conseguir o 0-3 no minuto 23, o que fixo reaccionar ao equipo de Marcio Simeao que plantexou unha ofensiva de cinco para tentar darlle a volta ao partido. Non parecía equivocarse, xa que recortaban distancias moi pronto malia unha asistencia para Bia á area foi desviada a gol por Ale de Paz converténdose



Celebración do primeiro gol e do final do partido

así no primeiro gol para o conxunto melillense.

Finalmente, soaba a bucina que indicaba o remate dun encontro no que as Guerreiras laranxas revalidan

o seu título e volven reinar na Copa. A capitá laranxa, Peque, alzou o trofeo entregado polo vicepresidente da Real Federación Española de Fútbol, Pablo Lozano.

## Remata a liga de bolos de Xove

Tivo lugar a última das 18 xornadas da Liga de Bolos de Xove, que celebrou este ano a súa XXXII edición para a categoría sénior, a XXI para sub 16 e a XII para féminas. A última sesión tivo lugar en Vila-chá, onde se fixo entrega tamén dos galardóns aos campións da liga que, na categoría masculina foi para Miguel López, que xa tiña asegurada a praza antes da última das tiradas.

Quedaba por dilucidar quen se facía co segundo posto final, para o cal partía como favorito Francisco Pérez, que tiña seis puntos de ventaxe sobre Arturo Vigo. Pois ben, despois de rematada a tirada de Vilachá a clasificación non mudou, ocupando as tres primeiras prazas Miguel López, Francisco Pérez e Arturo Vigo respectivamente. Salientar que a 3ª victoria consecutiva dun mozo Miguel López neste torneo, xesta que só outro xogador puido acadar, Arturo Vigo. Arturo inda mantén o récord de torneo consecutivos gañados con 6; foi campión as seguintes temporadas seguidas: 94-95, 95-96, 96-97, 97-98, 98-99 e 99-00. Pois ben, Miguel López, se continúa nesta liña, e tratándose dun xogador que aínda non cumpriu os 21 anos, pode perfectamente batir a marca de Arturo.

No apartado de maiores de 60

anos resultou campión Arturo Rodríguez Álvarez, seguido de José González Rodríguez e Marcelino Rodríguez Álvarez. O subcampión levou tamén o trofeo ao xogador de maior idade.

Na categoría feminina, con Julia López como campioa indiscutible, só quedaban por dilucidar quen ocupaba os postos 4º e 5º, que finalmente foron Salomé Bermúdez e Concepción Piñeiro respectivamente. A segunda praza foi para Belén Meitín Rouco e o terceiro para Carmen Roca Corral. A mellor bolada correspondeulle á campioa.

Na Liga Sub 16 tampouco houbo variacións nos primeiros postos. O campión foi Xenxo Salgueiro Franco, seguido dos irmáns Christian e Íker Cociña González correspondendo a mellor bolarada a Christian.

A incorporación durante toda a competición de David Vigo, Naia Cancelos, Jordi Cancelos e Iker Cociña á competición supuxo un soplo de aire novo e fresco, dada a necesidade de incorporar xogadores novos.

Rematada a competición, o alcalde Demetrio Salgueiro, acompañado da concelleira de deportes Cristina Iglesias fixo entrega dos trofeos e premios aos vencedores, agradecendo a colaboración neste evento do Club de Bolos Xove.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
 Concello: 982 55 85 81  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
 Concello: 982 12 40 02  
 Garda Civil: 982 12 41 94  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
 Concello: 982 58 60 00  
 Policía Local: 982 58 62 11  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
 Concello: 982 55 77 77  
 Policía Local: 615 52 10 52  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
 Concello: 982 14 00 27  
 Policía Local: 982 13 36 40  
 Garda Civil: 982 14 04 44  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
 Concello: 982 12 10 06  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
 Concello: 982 52 40 03  
 Policía Local: 982 50 70 40  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUROL**  
 Concello: 982 55 91 09  
 Garda Civil: 982 56 10 39  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
 Concello: 982 34 22 77  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
 Concello: 982 12 86 50  
 Policía Local: 982 12 86 50  
 Garda Civil: 982 12 80 48  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
 Concello: 982 34 62 22  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
 Concello: 982 13 50 11  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
 Concello: 982 57 40 00  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
 Concello: 982 59 00 02  
 Garda Civil: 982 59 01 81  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
 Concello: 982 56 01 28  
 Policía Local: 982 56 29 22  
 Policía Nacional: 982 56 17 11  
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
 Concello: 982 59 20 01  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

**Emerxencias: 112**

**Urxencias Sanitarias: 061**

**Incendios Forestais: 085**

**Garda Civil: 062**

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.


Edición: PRENSA DA MARINA S.L.  
 Dirección: Diego E. García Puente  
 Teléfono: 661 464 323  
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com  
 Impresión: Tameiga Publicacións SL  
 Dep. Legal: LU 5-2019  
 ISSN 2660-4493



# COLABORACIONES

## A túa estrela

### ENTRE CORRENTES



Luisa Aguado  
Actriz e escritora

**A**s veces entre perdidos e ensimesmados miramos ao futuro. Que nos fai pensar cabizbaixos que o futuro é escuro e confuso?. Tantos anos de civilización ensinaron ao ser humano que gañar ou perder está na palma da nosa man. Cada día ante cada soño, ante cada reto poderemos decidir o noso destino. Fáltanos valor, quizais?, temos

coraxe? Como herdeiros de grandes pobos, íberos, celtas, romanos, visigodos, fenicios, gregos, deberíamos.....O ocaso dunha civilización non indica que non haxa un novo renacer. A esperanza está oculta, escondida e visible ao virar a esquina. Como sucesores dos nosos devanceiros, estamos obrigados a honralos co símbolo do poder, da prosperidade, da lucidez, do carisma, da positividade e do bo facer. Somos os descendentes da raza humana que hoxe se pregunta se hai un futuro para nós e os nosos irmáns, fillos, avós. Só camiñando con esperan-



za, saberemos cal é o noso destino. Cando caias, volve levantarte co pensamento en positivo, coa confianza no teu corazón

e repetindo cada día que si, que ti es merecedor dese gran porvir que sempre soñarás. Non penses que a túa estrela, non está para

ti. Todos e cada un de nós temos unha estrela que non a podemos desaproveitar con queixas e frustracións. Só hai que estar alerta. Alerta simboliza estar a traballar, facendo, crendo e un día o revés que tanto dano che fixo volverá tomar o seu leite, como un río que se perdeu, secouse ou desviado por esquecer eses valores e soños que che fixeron crer. Faino!, comeza de novo, unha e outra vez. Ao final serás o gañador da túa batalla, porque todos mozas e maiores teremos a oportunidade dun mundo mellor. Esa.. que mellor que esa será a túa estrela, será a vosa ESTRELA.

## Paraíso do oxímoro

### CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

“Los libros no eran una canción que se cantaba con la mente, como ahora, sino una melodía que saltaba a los labios y sonaba en voz alta. El lector se convertía en el intérprete que le prestaba sus cuerdas vocales”. Fermosura absoluta de reflexión en torno ao concepto de “libro”, mesmo comezando cunha frase en negativo. Xusto estou lendo “El infinito en un junco” de Irene Vallejo e non podía deixar de repetir esta frase en alto, cal oradora en solitario. Está claro que cando unha persoa escribe con tal paixón sobre algo demostra o seu amor e xenerosidade, e para min, é rotundamente admirable, inspirador e maravilloso. No medio dun mundo tolo e dunha sociedade inmersa nunha pandemia e na que parece que a vida se poidera reducir a un slogan barato, quero e necesito pensar que a xente brillante, intelixente e brava sempre sairá adiante, independentemente de

onde proveña.

Existen persoas excepcionais en calquera ámbito vital e profesional: política, cultura, ciencia, etc. Mulleres e homes que nos aportan “música celestial”, razón e lóxica coas súas palabras e actos no medio de tanto ruído... Un claro exemplo é Irene Vallejo (Zaragoza, 1979), doutora en filoloxía clásica que nos agasalla cun universo literario infinito coa súa última publicación, o ensaio “El infinito en un junco”. Este libro, un auténtico best-séller, representa á perfección o paradigma de produto cultural de calidade e cun alto nivel de consumo. E matizo isto porque, en ocasións, emprégase o cualificativo de “best-séller” como algo negativo cando non necesariamente é así. Con isto quero dicir que a dicotomía entre produto popular ou “de moda” -mainstream en “lingua moderna”- igual a “sen calidade” e produto subversivo ou revolucionario -outsider en “lingua moderna”- igual a “con calidade”, non é, para nada, unha afirmación que se axuste ao mundo real.

O que non podemos negar é

a dificultade de poder sacar adiante un produto cultural cando non se axusta a certos parámetros das correntes ou modas dominantes, e por suposto, sen ter presenza nas redes sociais. Basicamente, non existes. Digamos que hai que “bailar” certa danza ritual para poder “nadar” favorablemente nas augas das institucións públicas e dos medios de comunicación sen afogar no intento. Con isto non quero dicir que necesariamente dita adaptación teña que ser algo negativo ou que implique un empeoramento cualitativo, para nada. Só que é moi importante traballar con moita ilusión, forza e convicción para non perderte ti mesma en augas revoltas...

Sempre é moi complexa a disxuntiva que se nos presenta á hora de atopar o equilibrio entre ser fieis ás nosas ideas, aos nosos principios e adaptarse ás diferentes circunstancias ou situacións que implica a vida persoal e profesional. É máis, paréceme realmente admirable a xente que é capaz de liderar un proxecto -polo tanto, un grupo humano- con naturalidade, humildade



e xenerosidade; ingredientes básicos da líder carismática. Traballar moi duro e sen dar nada por sentado xamais, máxima que considero fundamental e moi importante. Sen esquecer un “gracias” ou un “por favor”, palabras que sempre deben resoar con forza en calquera lugar e con calquera persoa.

Normalizar a mediocridade, o egoísmo e a hipocresía é un camiño realmente perigoso que nos acabará destruindo como sociedade. Un virus letal que arrasa con todo e con todxs. Afortunadamente existe o paraíso artístico e cultural dos libros, da música, dos cadros; illas infinitas onde reina a imaxinación, a creatividade e a beleza e onde “as Irene Vallejo” son as líderes absolutas e incuestionables.

Imaxinemos unha illa onde, por qué non, o “mainstream” e o “outsider” viaxan na mesma dirección, na procura obsesiva da calidade e a excelencia sen pensar en intermediarios ou consumidores. Sinxelamente unha illa de saber e fermosura a esgalla. Relendo estas liñas en voz alta -como se facía antano segundo Vallejo- e sendo franca, a illa que describo semella máis ben un oxímoro: música silenciosa, cores cegas, lume xeado, luz escura... Pero non importa, soñar é gratis e eu quero crer na idea do «mainstream outsider» ou a filosofía do imposible. Espertemos do longo letargo dun mundo baleiro e mediocre sen dar xamais nada por sentado, porque o día que iso pase, estaremos -falando claro- na merda.

# AMARIÑAXA

Para calquera suxestión,  
información ou comentario  
non dubide en poñerse en  
contacto con nós.



## As malas pulgas

### VETERINARIA



Arturo Vijande

**O**s dous parasitos máis frecuentes que podemos atopar na pel das nosas mascotas son, como todos sabemos as pulgas e as garrapatas. Aínda que é moi coñecido o desasosego que tanto unhas como outras producen nos nosos animais, non o é tanto os danos que poden ocasionar na saúde xeral dos mesmos. Por iso vou tratar de aclarar algúns conceptos que son necesarios para mellorar a maneira de loitar contra estes parasitos. As pulgas poñen os seus ovos sobre o hóspede; gato ou can. Unha pulga pode poñer diariamente uns 20 ou 30 ovos que caen ao chan, xa que non teñen ningunha substancia "pegañenta" que os reteña na pel do animal. Son moi pequenos e traslúcidos polo que son moi difíciles de ver, máis aínda se quedan depositados en rendixas de parquet, alfombras etc. Destes ovos saen larvas que se convirten en pulgas adultas. O ciclo completo dura entre un par de semanas e varios meses dependendo das condicións de temperatura e humidade. É importante ter isto en conta para entender que



aínda que a penas vexamos as pulgas adultas na nosa mascota podemos ter miles de ovos, larvas ou pupas no ambiente, polo que é difícil controlalas tratando soamente á mascota. Sobre todo en infestaciones masivas hai que aspirar ben sobre alfombras, chans, sofás, mobles etc. e aplicar produtos anti pulgas no fogar que eliminen ovos e larvas.

En moitas dos nosos cans e gatos a presenza de pulgas fai que, sufran unha enfermidade cutánea que se chama dermatite alérxica á picadura de pulga que ocasiona un tremendo proído e desasosego e dá lugar á presenza de costras e erosións na súa pel, que requiren atención veterinaria.

Doutra banda se un animal ten parasitos internos, concretamente

unha tenia chamada *Dipylidium* os seus ovos son inxeridos polas larvas de pulga. Se esta pulga é inxerida por el mesmo ou por outra mascota na súa acicalamiento, o ciclo repítese, polo que cando un animal ten pulgas cabe pensar que tamén pode ter tenias e viceversa.

As garrapatas habitan en zonas de matogueiras, xardíns etc. onde esperan o paso dun hospedador para adherirse á súa pel. Para iso suxéitanse utilizando o seu aparello bucal permanecendo inmóbiles mentres se alimentan do seu sangue.

A parte das molestias que ocasiona a presenza da garrapata en si, que fará que o animal lla tente sacar e rascarse, a presenza das mesmas pode ocasionar non só unha infección local leve se non tamén varias enfermidades graves que poden mesmo ocasionar a súa morte. Hai outras, pero as máis importantes son:

- Enfermidade de Lyme que é producida por unha bacteria chamada *Borrelia*, que tamén nos afecta aos humanos e que produce febre, anorexia, coxera, etc.

- Ehrlichiosis canina, tamén producida por unha bacteria denominada *Ehrlichia Canis* que xera anemia e hemorrxias así como alteracións neurolóxicas e oculares

- Babesiosis. Neste caso está producida por diferentes especies dun parasito unicelular denominado *babesia*, que penetra nos glóbulos vermello do sangue e destrúeos, causando anemia e coloración amarelada das mucosas por aumento da bilirrubina.

Visto pois que tanto un parasito

como o outro poden xerar problemas graves, sen alarmarnos, deberíamos tomar as precaucións necesarias para ter libres ás nosas mascotas destes molestos visitantes, polo que o asesoramento veterinario é necesario para que as medidas que tomemos sexan realmente efectivas.

### ELISARDO BARCALA



## Lista de cousas

### SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**A** miña frase máis representativa en círculos de diámetro cativo seica é: "eu non son do meu tempo". Ou, cando menos, é a que empregan as miñas amigas para chancearse de min decontino. Non son do meu tempo, pero se fíxese inferencia estatística, pode que tampouco acaese en ningún tempo pasado. E nin de lonxe, noutro futuro, coma aquel ao que lle recriminaron faltarlle unha primaveira e axiña replicou: "Pois será a que vén, porque ata o de agora, paseinas todas". Como matemática, poño o foco en todo aquilo que non entendo, coma se se tratase dun dos sete grandes problemas matemáticos con resolución pendente, aínda que non me vaian a pagar cifra astronó-

mica ningunha, igual ao revés, e pode que leve algunha mirada de xenreira de soslaio cando camiño soa por Foz e paro tomar un café sen compañía, quen tal dixo.

Non entendo esa pretensión de fugacidade para calquera acontecemento, esa ansia de que o quero agora e o quero xa. Desde que nos facemos unha pregunta, non disfrutamos do proceso da dúbida, non buscamos información nin sentamos na biblioteca na procura de bibliografía. É mais, non nos abonda cunha pista que nos axude a esclarecer se vamos ou non polo carreiro axeitado. E por suposto, falo en sentido figurado, recordando cando A. e mais eu non dabamos probado aquel corolario de Topoloxía de Superficies e pasamos tardes e tardes sen avanzar nin tan saquera un pouquiño. E como eu non son perfecta e a ela lle falta un case, por suposto que rendimos no proceso, e marchamos á Zona Vella onde se non curan as penas, polo

menos se mollan. Tamén fomos na procura de pistas ao despacho de C. pero o que nos sirveu nesta ocasión está entre o cero e o cardinal do conxunto baleiro, que vén a ser nada. Non lembro como rematou a proba do corolario, probablemente atopásemos algún Teorema máis forte polo que a demostración resultase trivial. Pero con isto, invito ao meu alumnado a prender a tecla do razonamento, a poñer os miolos a traballar. A non querer xa a resposta a todas as súas preguntas, porque na vida, o erro forma parte do proceso de aprendizaxe e cambiar de parecer é moi sanador ás veces. A obrigarse a erguer logo de cada caída, pero aprender que hai poucas verdades absolutas e moitas mentiras ben contadas. A Jabois preguntáronlle. "¿Siente el síndrome de la página en blanco?", ao que respondeu "La página en blanco es un regalo de Dios: ahí aún se puede escribir el Quijote. Luego todo empieza a

joderse", hai algo máxico no que aínda non foi, pero pode chegar a ser. Desde que tes casa, coche e estabilidade económica, todo vai en declive, e aquí non falo en sentido figurado. Todo cae, maldita Lei de gravitación universal. A menos claro, que sexas unha excepción e todo che veña regalado, en tal caso que tampouco sentirás o placer de chegar a onde estás por méritos propios. A min mentras tanto, podedes atoparme polas mañás comprando rascas, non vaia ser.

Tampouco entendo a mala educación, nin esa falsa comodidade que parece ter algunha xente e que lle impide ter inquietudes vitais, nin esa superioridade intelectual da que cren dispoñer algúns por dicir que non ven canles sensacionalistas. Cando o único estímulo imparcial que recibimos ao longo do día, debe ser o ouveo dun can. Non comprendo tampouco como podemos vivir pegados ao teléfono para man-

ternos aparentemente informados e pasar o día sen notar que a túa nai ou a miña leva triste desde o almorzo, cousa que solucionaremos subindo unha foto con ela cun texto precioso nalgunha rede social da que ela carece o domingo que vén. Dramas de primeiro mundo en toda regra. Por non entender, non entendo a meirande parte de convencións socialmente aceptadas que poñen o foco na vida do veciño, para trasladar a un eu protagonista cando se trata de presumir de vacacións nas Maldivas, cando a duras penas sabemos situalas no mapa, porque, recoñezo, tiven que buscar para saber que o país está composto por mil duascenas illas.

E como non entendo tantas cousas, pode que o problema o teña eu, que non atino a acertar o motivo polo que agora á xente lle deu por empregar palabras como *weltanschauung*, podendo dicir, vaite con xeito.



## MAR

# Expomar ultima o programa das Xornadas Técnicas e o Encontro

Non habrá feira náutico pesqueira este ano debido ás condicións sanitarias

O comité executivo da Fundación Expomar reuniuse para ultimar o programa das Xornadas Técnicas de Pesca e o Encontro Empresarial, que se van celebrar os días 20 e 21 de maio e que se titularán 2021 Odisea na pesca. Entre os poñentes estarán Alicia Villauriz, Emilia Gargallo e Javier Garat. A cita será clausurada pola conselleira de Pesca, Rosa Quintana. As xornadas serán telemáticas.

O presidente da Fundación Expomar e alcalde de Burela, Alfredo Llano, explicou que “reunímonos o comité executivo da Fundación Expomar, onde ultimamos o programa e puxemos título ás Xornadas Técnicas deste ano 2021 que se van celebrar o 20 de maio. O día 21 será o Encontro Empresarial que sempre ten un interese especial porque aí fálase do que realmente preocupa ao sector. O título deste ano será 2021, Odisea na pesca.

Preocupámonos de traer aos mellores para falar daqueles temas que son preocupantes e debemos aclarar, informar e estar ao día no que corresponde ao sector náutico pesqueiro”.

Llano indicou que “para estas xornadas técnicas invitamos a Xavier Fraga, que é o responsable de ABanca para temas do mar. Vai ser quen faga a apertura e despois eu dareilles a benvinda. A continuación intervira Alicia Villauriz, que é a secretaria xeral de Pesca do Ministerio e explicará os retos da pesca, o que preocupa ao sector e como se está aplicando agora mesmo todo aquilo que afecta ao bo funcionamento do sector pesqueiro. Tamén estará Emilia Gargallo, que é directora xeral de Mare da Comisión Europea, quen falará sobre estratexias de traballo e iniciativas do mar na Comisión Europea, que é onde se resollen moitos te-

mas relacionados coa pesca, polo tanto cremos que é unha persoa idónea para estar nas xornadas técnicas. Ademais estará unha persoa moi coñecida para facer un análise da situación pesqueira, que é Xavier Garat, secretario xeral de Cepesca e presidente de Europeche, polo tanto coñece moi ben o sector. É tamén moi coñecido aquí entre os armadores e a xente do mar, polo tanto hai confianza plena na súa participación e vai falar de temas moi importantes para o sector. Para clausurar as Xornadas Técnicas estará a conselleira do Mar, Rosa Quintana, que sempre está colaborando e participando nas Xornadas Técnicas e en todo aquilo que ten relación co mar”.

O rexedor burelés dixo que “invitamos a todo o mundo a apuntarse. Xa anunciaremos a dirección onde se vai retransmitir por streaming. Imos facelo telematicamente, vai



Comité executivo de Expomar diante do Concello de Burela

comezar sobre as dez da mañá e rematar aproximadamente á unha da tarde. Serán tres horas onde se van facer unhas exposicións e despois tamén vai haber debate con toda a xente que queira participar. Insisto en que xa se dirá como se poden apuntar se queren facer algunha pregunta ás persoas que van participar nestas Xornadas Técnicas”.

O tamén presidente da Fundación Expomar engadiu que “é unha pena que este ano non se puidera realizar a Feira Exposición porque tocaba no ano 2021, pero pensamos que agora mesmo tal como están as circunstancias na pesca, que queremos que siga sendo

unha actividade principal e con futuro tanto en Burela, como na Mariña e en toda Galicia, cremos que debemos estar aí para apoiar ao sector e facer algo que realmente poida merecer a pena. Ao non haber feira, temos todo o interese nas Xornadas Técnicas e no encontro empresarial e, xa cando se poida recuperar a actividade para facer a exposición farémolo cando corresponda, que vai ser en 2023. De aquí a alá imos facer moitas cousas que teñan relación co sector náutico pesqueiro porque considerámolo moi importante e tamén queremos que a Fundación Expomar estea sempre aí naquilo que interese ao sector”.

## “A intención é facer no 2023 unha feira que valla por dúas”

Alfredo Llano é o presidente da Fundación Expomar e alcalde de Burela

Burela non terá Expomar este ano, pero a intención é volver no 2023 con máis forza que nunca. Así nolo conta o presidente da Fundación Expomar e tamén alcalde de Burela, Alfredo Llano.

**Este ano habrá un Expomar diferente, en que vai consistir?**

Este ano tocaba organizar e celebrar a feira exposición Náutico Pesqueira, pero condicionados pola pandemia vírica houbo que suprimir esta edición. A verdade é que tiñamos moitas gañas de repetir o éxito acadado en 2019 onde os expositores e profesionais en xeral saíron moi satisfeitos dos resultados no eido económico, tecnolóxico, social e contactos profesionais. Como reflexo desa edición as previsións de participación para este ano eran moi optimistas, incluso tiñamos proxectado ampliar a superficie da exposición.

**Que supón para Burela e a comarca a non celebración da feira?**

Supón unha perda importante de oportunidades. O sector Náutico

Pesqueiro é esencial como motor económico, social e cultural en Burela e na comarca da Mariña. En Expomar pódese observar a dimensión e peso deste sector que integra naves, equipos, seguridade, artes de pesca, novidades tecnolóxicas e, tamén se fala e debate, sobre normativas, condicións de traballo, zonas e condicións de pesca, comercialización,



alimentación e defensa do sector como garante do emprego, da industria derivada e do peso específico que aporta a economía e sociedade do país.

**Que situación atravesamos agora coa pandemia o sector náutico pesqueiro?**

Na pandemia o sector foi fundamental. Estivo activa sempre para que a alimentación de calidade chegara suficiente e puntual a todos os mercados. É certo que na pandemia reduciuse moito o consumo que se viña facendo, sobre todo na hostalería e restauración, o que condicionou uns prezos á baixa, pero en xeral, a nosa flota cumpriu á perfección o seu papel social.

**Que necesidades ten e como inflúe Expomar?**

A necesidade de Expomar é facerse ver. Estar o lado do sector para favorecer e agrandar a súa importancia. A Feira e todas as actividades que acomete a fundación non ten outro sentido que ser un escaparate inte-



gral de todas e cada unha das partes que conforman o sector.

**Que cambios se lle poderían aportar?**

Este ano imos a ter Xornadas Técnicas e Encontro Empresarial o día 20 e 21 de maio, queremos que sexan de grande calidade e que aporten moita información e axuden á resolución de problemas que ten o sector. Celébranse todos os anos e este é o segundo que serán telemáticas. Non hai outra. Ten que ser así por protocolo da pandemia, pero van ser transmitidas en tempo real o que permite facer preguntas e comentarios aos poñentes, o que garante a participación. O cambio que se lle quere dar á fundación é que sexa

máis activa todo o ano programando fórmulas que aporten grandeza o sector.

**De cara ao futuro que opcións se plantexan para seguir avanzando na celebración da feira?**

Penso que en canto se recuperen as condicións de seguridade sanitaria o sector volverá asomar con forza. Xa estamos a pensar na edición de Expomar-23 con toda a intención de facer unha feira que valla por dúas. Hai que dicir que é unha das máis importantes do Estado o que nos serve para motivarnos e ter a ilusión ao máximo nivel, así como poder aportar o noso grao de area a un sector en constante movemento, pero inamovible na arquitectura do país.



# Portos adianta a dragaxe nos portos de Burela, Foz e Ribadeo

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, vén de asinar o contrato para a execución do servizo de redacción de estudos previos ambientais e técnicos para obras de dragaxe en máis dunha trintena de peiraos de titularidade autonómica. O Consello da Xunta analizou un informe que recolle a contratación deste servizo por dous anos, prorrogables ata tres, por un importe inicial de 1,3 millóns de euros, o que permitirá avanzar e axilizar a tramitación destas actuacións no momento en que sexa posible poñelas en marcha. Esta contratación pretende dar resposta á problemática recorrente da complexidade na tramitación previa das obras de dragaxe pois acostuma a dilatarse no tempo en grande medida e, en moitos casos, durante anos. Os estudos contratados neste servizo permitirán ter completada a tramitación previa para poder proceder á contratación das obras no momento en que se estime oportuno e viable tanto técnica como economicamente. Os portos para os que se realizarán os estudos serán os de Ares, Barallobre, Burela, Cariño, Cedeira, Espasante, Foz, O Barqueiro, Ortigueira,



O Porto Chico de Foz

Ribadeo, A Pobra do Caramiñal, Camariñas, Camelle, Corcubión, Escarabote, Fisterra, Malpica, Miño, Palmeira, Pontedeume, Portosín, Rianxo, Sada, Testal, Agüete, Arcade, Cesantes, Meloxo, Pontevedra, Santo Tomé e Tragove. Esta relación pode ser ampliada segundo as necesidades posteriores. Xunto coas 31 actuacións previstas neste contrato, o ente público vén de tramitar tamén nos últimos meses un total de oito actuacións máis de dragaxe por importe de 5,5 millóns de euros. Ademais, nestes

momentos están xa en tramitación previa as propostas de dragaxe das dársenas comerciais dos portos de Ribadeo e Cariño, cun orzamento estimado de 5,5 millóns, co que o ente dependente da Consellería do Mar ten comprometido un orzamento de máis de 12 millóns de euros en distintas actuacións relacionadas coas dragaxes dos portos autonómicos. Durante o pasado mes o PSOE e colectivos da comarca mariñá solicitaron que se se procedera con urxencia á dragaxe dos portos mariños, en especial no Porto Chico de Foz.

## Portos, confraría e lonxa de Celeiro consensúan melloras



Momento da reunión entre membros da confraría e de Portos de Galicia

A presidenta de Portos de Galicia, Susana Lenguas, mantivo unha reunión co patrón maior da confraría de pescadores de Celeiro, representantes da directiva da entidade e o presidente da lonxa local para abordar distintos proxectos encamiñados á mellora das condicións de seguridade e traballo dos profesionais que operan no porto do municipio lucense de Viveiro. Neste encontro as partes consensuaron solucións e novas dotacións para o sector profesional da zona. A representante do ente depen-

dente da Consellería do Mar informou do estado de tramitación dos proxectos de mellora para a nave de redes e a nave de efectos navais de Celeiro. A este respecto, trasladou que se está a finalizar a redacción dos proxectos para a súa posterior tramitación. Na xuntanza tamén se avanzou na definición do acceso aos novos pantaláns pesqueiros, actualmente en proxecto, e informouse á confraría de que a actuación incluírá tamén a reparación de flotoadores e outros elementos do pantalán xa existente.

## O Congreso debatirá a creación dunha Autoridade Portuaria para San Cibrao

Membros do BNG mantiveron unha xuntanza con representación sindical da comarca da Mariña e da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) onde puxeron en común a necesidade e vantaxes da creación dunha Autoridade Portuaria en San Cibrao e da apertura ao tráfico comercial o dique norte de Morás. "Existen sobrados motivos, ademais dos de índole económica, que avalan a necesidade de crear unha Autoridade Portuaria propia en San Cibrao, segregándoa da de Ferrol, pois permitiría unha mellor xestión e ordenación do territorio e a planificación das infraestruturas de forma auto-centrada. O que se recada no porto utilizado por Alcoa podería reverter na comarca directamente e así como tamén os eventuais beneficios que se xeren despois da apertura do dique norte", explican. Por isto, levarán esta iniciativa ao Congreso e tamén se debaterá no Parlamento de Galicia o vindeiro 7 de maio. Así mesmo, piden que se dean as instrucións precisas para que se proceda a unha redistribución dos ingresos obtidos a través do Porto de San Cibrao.

## a elección de...



**José M. González-Brais**  
Xerente Fundación Expomar

un libro



O Lapis do Carpinteiro de Manolo Rivas

un disco



A Galicia de Maeloc de Milladoiro

unha película




La vida es bella de Roberto Benigne

un personaxe histórico



Alfonso D. Castelao

un lugar para visitar




Lorient na Bretaña Francesa

unha afección



Estar de tertulia cos amigos

unha comida



Peixe ou polbo

unha bebida



Viño da Ribeira Sacra

Consulta os eventos en:  
[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

**D & A Díaz & Abad**  
abogados

**LEY DE SEGUNDA OPORTUNIDAD**

**¿TIENES DEUDAS?**

Da igual que seas empresa o persona física, podemos ayudarte.  
**¡Te asesoramos con la Ley de Segunda Oportunidad!**

Travesía de la Marina, 51 - 3º, Viveiro (Lugo) - Tfno.: 982 570 243  
Rúa da Fonte 12, Mondoñedo

UTILIZAMOS TODAS LAS MEDIDAS SANITARIAS CONTRA EL COVID-19 EN NUESTROS LOCALES



## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# A Festa da troita que non puido ser

Esta celebración promociona a localidade da Pontenova e a pesca fluvial desde 1978 e atrae a pescadores de toda Galicia

**A** Festa da Troita da Pontenova é unha singular e xenuína celebración que atrae desde hai máis de 30 anos aos pescadores de toda Galicia, Asturias e outras comunidades.

Esta festa xurdiu a través do Centro de Iniciativas Turísticas, CIT, o cal, para promocionar a localidade da Pontenova, organizou o citado concurso de pesca que leva celebrando desde o ano 1978. O concurso, que atrae a pescadores de distintos puntos, celébrase no río Eo, un dos ríos salmoneiros máis importantes de toda a comunidade galega. A comezos do século XX era tal a súa abundancia que eran habituais as protestas dos traballadores e xornaleiros da comarca para que, nas comidas, non se lles servise salmón máis que unha vez por semana. Hoxe en día non existe esa abundancia, pero aínda mantén o seu posto privilexiado en canto a pesca desta especie. O municipio da Pontenova soe acoller o 1 de maio esta festa na que todos os asistentes poden gozar cos actos programados para a ocasión, entre os que destacan as variadas actuacións musicais e o VI Concurso de Salmón, evento este último declarado de Interese Deportivo Nacional no que ata un centenar de pescadores participan no concurso de pesca deportiva de troita, con premios para quen consiga máis número de pezas, para quen obteña a troita de máis peso e para ou concursante de menor idade. É tradición que na última xornada do evento teña lugar a degustación gratuíta de troita na praza do Concello.

O escenario de toda esta festa é o

río Eo, fonte de vida e de traballo para os habitantes da Pontenova e un dos máis grandes símbolos do Concello por ser o río salmoneiro por excelencia de toda Galicia.

Por acordo da directiva do CIT A Pontenova a partir do ano 2020 o concurso do salmón da Festa da Troita de A Pontenova levará o nome de VIII Concurso do Salmón Memorial Luis Moirón en recordo a este pescador moi coñecido na zona e falecido.

O alcalde da Pontenova, Darío Campos, destacou que “esta celebración da Pontenova é a segunda festa da troita máis antiga de Galicia. Xa conta con máis de 40 anos de tradición e consolidouse coma un importante revulsivo económico para o Concello e para a contorna da Mariña o cal redunde positivamente na provincia”.

Este ano tan só se puido celebrar unha festa atípica con actividades simbólicas para evitar as multitudes.

Tamén o Concello conta cunha aula de interpretación da pesca de salmónidos, é dicir, relacionado coa pesca do salmón, a troita e o reo, que está situada na segunda planta da oficina de turismo, xusto enfrente do río Eo. Na aula pódese ver diverso material vinculado á pesca do salmón, a troita e o reo, curiosidades coma unha caña de bambú de 1900 ou varios carretes de madeira de 1910. Nela poderemos observar a colección de riscos máis importante de Galicia. Os riscos son cebos únicos no mundo, feitos artesanalmente e que se empregaban ó anoitecer na pesca do reo. Atopamos tamén composicións feitas polos mellores montadores de moscas.



Arriba, un momento do concurso de fai varios anos e, abaixo, Luis Moirón ao que se lle dedica o certame e unha cesta de troitas

**SERVICIOS:**  
CONSULTAS  
RADIOLOGÍA DIGITAL  
ECOGRAFÍAS  
CIRURÍA GENERAL  
TRAUMATOLOGÍA  
ANALÍTICAS  
VACUNACIONES  
MICROCHIP  
HOSPITALIZACIÓN



**OCCIDENTE**  
CLINICA VETERINARIA

Visita nuestras nuevas instalaciones!



Rúa Alza, 1 - 27700 RIBADEO Lugo - [info@veterinariaoccidente.com](mailto:info@veterinariaoccidente.com)

**URGENCIAS 24 H.**  
Tel.: 982 130 366